



PROGRAMA 2018 XUVENTUDE CREA

XUNTA DE GALICIA

2018 XUVENTUDE CREA

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Santiago de Compostela 2019

Sumario



ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	9
Persoas premiadas	
Adrián Penido Núñez	10
Rebeca López Villar	12
Alba Vázquez Seijas	14
Avelino David Fidalgo Omil	16
Iris Rodríguez Justo	18
Sonia Seijo Conchado	20



ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	23
Persoas premiadas	
Uxía Larrosa Villanueva	24
Manuela Elizabeth Rguez. Glez. “Melimolita”	25
Cristian Fojón Caruncho	26



ESPECIALIDADE DE COCIÑA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	31
Persoas premiadas	
Tania Castelo Martínez	32
Silvia González Pérez	34
David Puente Campos	36



ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	39
Persoas premiadas	
Dana Rodríguez Justo	40
Lara Bande Huri	42
María Espasandín Miranda	44
Alexandro Castañón Vilaríño	46



ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	49
Persoas premiadas	
Beatriz María Santos Gestido	50
Sergio Sueiro Miranda	52
Alejandro Rego Díaz	54
Eire García Cid	56
Andrea Lois Gómez	58
Beatriz Mazaira Suárez	60
Zeltia Iglesias Rodríguez	62



ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	65
Persoas premiadas	
Ismael Pérez Fernández	66
Aldara Rodríguez Patiño	68
Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera	70
Enrique Facal Vázquez	72



ESPECIALIDADE DE MODA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	75
Persoas premiadas	
Patricia Crujeiras Besada	76
Noelia Tojeiro Ramil	78
Irene Gómez Rodríguez	80



ESPECIALIDADE DE MÚSICA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	83
Persoas premiadas	
Oïma	84
Closer	86

David Dealonso	88
Leda Atómica	90
Denis.....	92
La Grotta.....	94

ESPECIALIDADE DE POESÍA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	97
--	----

Persoas premiadas

Brais Lamela Gómez.....	98
Ana Boquete López.....	108
Carlos Lixó Gómez.....	118

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	127
--	-----

Persoas premiadas

Hugo Lozano Hermida	128
Cándido Paniagua Pousa	134
Aarón Barreira Diz.....	140
Nerea Pallares Vilar	146

ESPECIALIDADE DE SKATE

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	151
--	-----

Persoas premiadas

Juan Cea Aguiar.....	152
Álvaro Mondragón Sampedro	154
Roberto Fernández Molanes	156

ESPECIALIDADE DE TEATRO

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	159
--	-----

Persoas premiadas

Os Palimoquiños	160
Trémola Teatro	162
Teatro do Improvisto.....	164
Lobishomes.....	166

ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2018 ..	169
--	-----

Persoas premiadas

Alba Rodríguez Villar.....	170
Denisse Lozano Hermida.....	172
Nuria Mosqueira Varela.....	174

Saúda

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

Galicia é sinónimo de calidade e talento e iso debémosllo en boa medida á nosa xuventude. Contamos cunha xeración de mozas e mozos que despuntan nas artes escénicas, na música, na literatura, no deseño ou na moda. Persoas moi novas que, coa súa dedicación e saber facer, sitúan a nosa comunidade á vangarda da creatividade.

A nosa mocidade ferve de novas ideas e é obriga do Goberno galego apoialos e ofrecerlles cada día máis oportunidades para desenvolver as súas capacidades.

Con ese espírito naceu hai xa unha década Xuventude Crea, unha iniciativa que se converteu no mellor escaparate para amosar as obras de novos autores que buscan o seu lugar no ámbito das artes.

Este libro é unha mostra máis de toda a valía que reuniu o último Xuventude Crea, que nos reafirma que en Galicia a xenialidade non ten cancelas. As creadoras e creadores que participaron nesta edición dan boa conta dela, ben sexa a punta de pincel ou cun spray, a través dunha cámara ou da música, no manexo dos fogóns ou no deseño de patróns de moda.



XUVENTINE
2018
CREA

MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Mercedes Rozas Caeiro

Esperanza Lema Bouzas

Pedro Miguel González Galilea

José Eduardo López Valiña

Miguel Couto Cotelo

Secretario

Santiago Aparicio Fernández



1º PREMIO



Adrián Penido

Morgues Vaud, Suíza - Escuadro, Silleda

Sírvome do autorretrato para formular e trasladarvos unha reflexión sobre o futuro, pero tamén unha cuestión do camiño que me trouxo ata o momento presente. Neste sentido, outra cuestión a sinalar é que os concursos son unha arma de dobre fío, teñen unha parte moi positiva ao apoiar, difundir e promover a práctica artística, pero, pola outra cara, poden provocar unha serie de inseguridades, co perigo que iso supón, xa que condicionan o proceso creativo.

Por outra banda, cada vez teño máis claro que os resultados e as conclusións non deben ser demasiado firmes. Para min a arte é un intento de achar respostas, un proceso de busca máis que de resultados. Debemos preservar o dereito de contradicirnos e re/aprender.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2010. EASD Antonio Faílde. Ourense. Ciclo Superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.
- 2011-2015. Universidade de Vigo. Pontevedra. Grao de Belas Artes.
- 2015-2017. Universidade de Vigo. Semipresencial Ourense/Vigo/Pontevedra. Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.



En prácticas

2º PREMIO COMPARTIDO

Rebeca Lar (Rebeca López Villar)

Vigo



Tramas escritas e palabras tecidas: o texto é material e concepto na miña obra. De esencia multidisciplinar, os meus últimos proxectos xorden dunha preocupación en torno á muller e ás súas representacións, entre as que destaca a da bruxa, núcleo temático da miña tese doutoral.


Da miña traxectoria artística poden destacar a participación en diversas exposicións colectivas (*Alén dos xéneros: prácticas artísticas feministas en Galicia*, MARCO; *34 Muestra de Arte Joven en La Rioja*, Emdir Logroño; *XI Bienal de Pintura do Eixo Atlántico*, Galicia e Portugal) e individuais (*Xuro, perxuro, conxuro*, galería Os Catro Gatos), así como a obtención de premios e bolsas (premio de fotografía nos *II Premios Provinciais á Xuventude*, Deputación de Pontevedra; *XV Premio de Pintura*, Uvigo; accésit no *XIV Certame de Artes Plásticas* da Deputación de Ourense).

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2011-2015. Universidade de Vigo. Graduada en Belas Artes con Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta de Galicia).
- 2015-2016. Universidade de Vigo. Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación.
- 2016-actualidade. Universidade de Vigo. Programa de Doutoramento en Arte Contemporánea.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2019. Universidade de Vigo. Contrato Predoutoral, persoal docente investigador.
- 2019. Academia de Arte Lapis de Buxo. Vigo. Docencia.



Na eternidade, as nosas amigas ardentes



2º PREMIO COMPARTIDO

Alba Vázquez Seijas

Lugo

“Todo o que poidas imaxinar é real”. Pablo Picasso

Con esta frase comezo un pouco a contarvos quen son, o porqué do que fago e de como fun evolucionando ata chegar ata onde estou actualmente.

Trátase dunha frase coa que me identifico moito xa que a imaxinación para min é unha das maiores virtudes que teñen os seres humanos.

Nacida en Galicia, considérome unha persoa inqueda e sempre con ganas de aprender e facer novas cousas. Fun criada nunha casa na que a arte estaba presente xa que a miña nai estudara a carreira de artes e toda a nosa casa está decorada con cadros e obras de arte.

Non foi ata que alcancei a adolescencia cando me empecei a dar conta de que me gustaba debuxar e crear novas cousas. Sempre tiveron unha imaxinación desbordante ata o nivel de creación de historias paralelas das miñas novelas favoritas.

Cando tocou a decisión da carreira a estudar, atopeime nun momento tan abordada pola indecisión, que decidín irme pola carreira artística a cal sabía no meu interior que estaba preparada para facela, pero sen todo o convencemento de que era a correcta.

Ao final resultou ser una carreira enriquecedora e na cal puiden desenvolver e comprender mellor o que podo dar como artista e os meus puntos débiles.

Non foi ata o final da carreira cando descubrín o meu traballo forte como artista, que son os cadros de gran formato. Neles sinto como a brocha se move de forma libre e equilibrada; canto maior é o cadro máis liberdade e máis cómoda me sinto.

Por outro lado realicei traballos en pequeno formato e tamén resultaron moi boas obras.

Ás veces o artista non sabe explicar ben o que fai, porqué e para que o fai. Pero é o que nese momento sente e é capaz de plasmar.

Termino esta pequena bibliografía sobre min con outra frase que me gusta moito e define bastante o meu modo de pensar.


“Soño coa miña pintura e pinto o meu soño”. Vincent van Gogh.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- Setembro de 2012-xuño 2016, USAL, Salamanca. Graduada en Belas Artes
- Setembro de 2017-actual, UDC, A Coruña, Mestrado en Profesorado

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2014. Revista Kult Magazine, Escola des Beaux Arts de Liège
- 2018-actual. Empresa AMPA M³ Auxiliadora. Lugo
- 2018. Xuventude Crea 2018. Segundo Premio na especialidade de artes plásticas, modalidade de pintura
- 2019- actual. Empresa Galería CreArte. Lugo



Ollar no tempo



3º PREMIO COMPARTIDO

David Fidalgo Omil

Lugo

Traballo o concepto do meme que asolaga a Internet. As miñas obras teñen un carácter humorístico moi claro á vez que crítico, centrándome en temas como, por exemplo, o machismo presente na televisión, na política, na relixión, na cultura etc. ou no absurdo que existe nos novos medios, como en *youtube* ou nas redes sociais.

Busco transformar feitos que xa existen en algo novo, dándolles un sentido irónico e satírico co que amosar as miñas preocupacións.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2012 UVIGO. Pontevedra. Graduado en Belas Artes
- 2012-2014 UVIGO. Pontevedra. Mestrado en álbum ilustrado e animación
- 2017-2019 Abano Producións. A Coruña



Cuando le dices a alguien que eres artista

Cuando le dices a alguien que eres artista

3º PREMIO COMPARTIDO



Iris Rodríguez Justo

Vigo

Nacín con moita sorte porque os meus pais son artistas, a miña casa sempre estivo chea de esculturas e cadros e o tema da arte atraeume desde moi cativa. Estudiar nunca foi o meu, memorizar temarios parecíame o máis absurdo do mundo, cando deixei atrás todo o que era “chapar” e comecei os meus estudos na EASD Mestre Mateo, decateime de que valía para algo. Dar forma aos meus sentimentos a través do modelado é algo máxico. Interésanme outros campos como a fotografía, en xeral todo o relacionado coa arte. Aínda que faga figuración tamén me apaixona a arte conceptual, de feito agora mesmo estou estudando Belas Artes en Pontevedra.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016-2018 EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Técnico Superior de artes plásticas e deseño en Técnicas Escultóricas.
- 2018-comezo de Belas Artes na Universidade de Vigo.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018 Abril-maio. Prácticas laborais na Galería de arte Olalab, rematando as prácticas comisariando unha exposición colectiva titulada Pegadas na materia. Santiago de Compostela.



Adela

MENCIÓN DE HONRA

A black and white photograph of Sonia Seijo Conchado, a young woman with dark hair, looking towards the camera. She is standing outdoors, possibly near a body of water, with a cityscape visible in the background under a cloudy sky.

Sonia Seijo Conchado

A Coruña

Desde pequena sentín unha sensibilidade especial para o mundo da arte, en concreto para a pintura e o debuxo. Trato de aprender algo novo sempre que podo pois encántame xogar con novas técnicas e formas. Tendo máis a representar o corpo humano porque é a forma máis directa de transmitir os pensamentos, estes non se poden ver pero os nosos corpos exprésaos constantemente. Ademais da pintura sinto predilección pola física e a natureza.

Sobre o cadro presentado para o concurso teño que dicir que mudou moito esteticamente porque comecei a pintalo cando me diagnosticaron depresión e o resultado final foi un vórtice de ideas que xurdiron durante toda a enfermidade.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2018 Curso Gravado. EASD Pablo Picasso
- 2018-actualidade. Grao en Tecnoloxía da Enxeñería Civil. UDC.



Sandra

**XUVENTINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

Presidenta

M^l. José Fernández Laso
Xefa territorial da Consellería de Política Social en Ourense

Vogais

Lía Soto Rodríguez
José Luis Carreira Varela
Isabell Seidel
Jorge Campos Sánchez
Teresa de la Paz Grande Taboada

Secretario

Pablo Fernández Vila



1º PREMIO

Uxía Larrosa Villanueva

A Coruña


Desde cativa gústame ler e debuxar, tal vez é por iso que me inclino pola banda deseñada, porque conxuga as dúas cousas. Debuxar historias é, en primeiro lugar, un xogo no que me conto cousas a min mesma. A miúdo penso que facerllas chegar aos demais é unha tarefa excesivamente complexa en relación ao fácil que parece todo antes de comezar a darlle a forma definitiva ao relato. Porén, como tantas outras cousas laboriosas, facer cómics ten unha grata recompensa, neste caso a de construír un lazo de intimidade coas lectoras e lectores que non se podería conseguir doutro xeito. Cando leo un libro ou unha novela gráfica que me apaixona sintome preto da persoa que o escribiu ou o debuxou, é por iso que nun futuro me gustaría chegar, se non a xerar proximidade, a suxerir esa clase de relación entre os meus relatos e as persoas que os lean.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016-2018. Universidade Pompeu Fabra. Barcelona. Mestrado en Estudos de cine e audiovisual contemporáneo.
- 2011-2015. Universidade de Barcelona. Barcelona. Grao en Belas Artes

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-actualidade. Asistente do departamento de Medios Dixitais
- MACBA, Museo de arte contemporánea de Barcelona



Fronte ao marco da ventá (guía de ocio para un turista esixente)

2º PREMIO

Manuela Elizabeth Rodríguez González “MeliMolita”

Valencia, Carabobo. Venezuela.

Nacín en Venezuela (Valencia, Carabobo) en 1990, e resido desde 1993 en Ourense. Cursei o Grao en Belas Artes e o Mestrado de Libro Ilustrado e Animación Audiovisual na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Actualmente, realizo na mesma facultade o Programa de Doutoramento. Desenvolvo a miña actividade artística en torno á ilustración e animación audiovisual, contando con instalacións artísticas permanentes no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo ou no Provincial de Pontevedra. Entre outros proxectos, illustrei os mapas para Camiño: a Orixé (Cidade da Cultura, 2015) e participei en libros ilustrados como *Vidas Imaxinarias*, de Aira Editorial (2017). A miña ilustración resultou finalista no *II Premio Internacional de Ilustración O Salón* (2018) e no ano 2013, obtiven o 1º Premio de Videocreación do Certame Xuventude Crea.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016. Facultade Belas-Artes ULisboa. Lisboa. Rodríguez González, Manuela Elizabeth. *El espectador invisible en la pintura expandida de Shintaro Ohata*, relatorio no congreso CSO 2016: VII Congreso Internacional Creadores Sobre outras Obras.
- 2016. Polytechnic Institute of Cávado and Ave. Barcelos. Rodríguez González, Manuela Elizabeth. *Ghosts of Charcoal: Tusjji's and Keane's Character Animation*, relatorio no congreso CONFIA, 4th International Conference in Illustration & Animation.
- 2017. Universitat Politècnica de València (UPV). Valencia. Rodríguez González, Manuela Elizabeth. *Coherencia entre animación e "imagen real" (registro basado en realismo fotográfico): recursos presentes en el universo gráfico de Gumball*, relatorio no III Congreso Internacional de Investigación en Artes Visuales ANIAV 2017.
- 2017. La Central del Diseño, Centro Cultural Matadero. Madrid. *Obradoiro de Narración visual rítmica*, impartido por Nicolai Troshinsky no GRAF 2017.
- 2018. Urban Sketchers Symposium. Oporto. *Obradoiro Pastel Sketches, a Controlled Mess*, impartido por William Cordero e Daniel Green; e *Graphite is the Matter*, por Eduardo Bajzek, no 9th International Urban Sketchers Symposium.
- 2018. Compostela Ilustrada. Santiago de Compostela. *Obradoiros* impartidos por Urumo e Maru Godas no 3º Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada.
- Actual. Universidade de Vigo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea pola Universidade de Vigo.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016-2018. Universidade de Vigo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Contrato Predoutoral da Universidade de Vigo.
- 2017. Uvigo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Docencia na materia do Grao en Belas Artes *Procesos de espazo e tempo* (Contrato Predoutoral da Universidade de Vigo).
- Actual. C.E.I.P. Ben-Cho-Shey. Ourense. Profesora extraescolar de *Expresión artística*.
- Actual. Colexio Plurilingüe Luis Vives. Ourense. Profesora extraescolar de *Pintura*.



Cabelos de xeo

3º PREMIO

Cristian F. Caruncho

Couzadoiro, Ortigueira

Desde pequeno prestoume debuxar e contar as historias da miña aldea, polo que no 2010 creei o fanzine *Historias de Regho Torto* para publicar os meus propios cómics. Nel levo autoeditado obras como *Os Marcos* (2010), *Construcción en Regho Torto* (2010), *O home que liberou a fraga* (2011), *Salustio e a festa nacional* (2012), *O asubío das fouces* (2013), *Por un saco de patacas* (2014) ou *O voo da vacaloura* (2015). No 2017 participei na escolma do novo cómic galego *Licor Café* (Demo Editorial) con *Un ferrado de dignidade*. No 2018 colaborei con Yolanda Castaño en *O puño e a letra* (Edicións Xerais). Como ilustrador, algúns dos meus últimos traballos son o cartaz do *Festival de Ortigueira 2019* ou a dirección artística e ilustracións do videoclip *Semillas* de Tremenda Jauría ft. Fermín Muguruza.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2015-2016. O Garaxe Hermético. Pontevedra. Curso de Banda Deseñada e Ilustración.
- 2016-2018. EASD Pablo Picasso. A Coruña. Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-actual. Ilustrador freelance



Herminia

**XUVENTINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE COCIÑA

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Cristóbal Ramírez Gómez

Faustino Batallán Cons

José Luis Calo Otero

Manuel Mosteiro Villaverde

Secretaria

Ángela Fernández Rey





1º PREMIO

Tania Castelo Martínez

Mazaricos

Teño 23 anos. Profesionalmente defínome como “creativa polivalente”. Xunto con Lidia Dosil e Umá de Oliveira, compañeiras de grao, fíxenme co Sol de ouro no Festival Iberoamericano da Comunicación Publicitaria e fun finalista no Festival da Creatividade Española C de C, no que figuro no Anuario da Creatividade Española do ano 2017. Persoalmente defínome como “inconformista motivada”, en constante aprendizaxe, observo o mundo con curiosidade, tentando descubrir as distintas realidades que conviven neste apaixonante universo en movemento. Do grupo dos *especialiños*, son celiaca, tampouco podo tomar lácteos nin ovos e renunciei a tomar azucre. Foron estas limitacións das que xurdiu a miña necesidade de levar a creatividade á cociña, nas que descubrín novos ingredientes, adaptei receitas... En definitiva, creando. Iso é ao que me dedico.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2014 UVigo. Pontevedra. AUGAL, Mestrado Class do Audiovisual Galego.
- 2016 UVigo. Pontevedra. Obradoiro “Fala” de Oratoria e Comunicación.
- 2013-2017 UVigo. Pontevedra. Graduada en Publicidade e Relacións Públicas.
- 2018 UDC. Noia. Curso A evolución do turismo no marco da sociedade global: retos para a súa planificación e xestión.
- 218 USC. Santiago de Compostela. Curso XI Leccións Xacobeas Internacionais. O Camiño no ano do Patrimonio Cultural Europeo.
- 2018-2019 UDC. A Coruña. Mestrado en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016-2017 Gabinete de comunicación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra.
- 2017 Imaxe. A Coruña.
- 2018-2019 Hotel Spa Relais & Châteaux A Quinta da Auga. Santiago de Compostela.



Paté enxebre



2º PREMIO

Silvia González Pérez

Vigo (Pontevedra)

Ao finalizar os estudos secundarios obrigatorios decidín facer unha FP de panadería, repostería e confitería enfocando o meu futuro cara o mundo da gastronomía. Durante este tempo decidín presentarme a algún concurso dos cales quedei en primerio lugar no concurso de cociña con castaña de Galicia e en segundo lugar no programa Xuventude crea 2018 na especialidade de cociña.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014-2017. Educación secundaria obrigatoria. IES do Barral, Ponteareas.
- 2017-2019. Formación profesional de panadería, confitería e repostería. EFA A Cancela, As Neves.



Gelée de pementos de Guláns e framboesas con cremosos de choco branco e queixo das Neves

3º PREMIO

A photograph of David Puente Campos, a young man in a dark suit, standing in a field of tall grass or reeds. The background shows a sunset or sunrise over a body of water.

David Puente Campos

Salceda de Caselas

Nacin en Vigo hai 21 anos, desde moi cativo (os 11 anos) empecei a interesarme polo mundo da cociña.

Cando rematei a ESO intentei realizar o ciclo medio de cociña no Manuel Antonio (Vigo) pero non conseguín praza, polo tanto metinme en pastelería e panadería nas Neves. Cara o vindeiro ano teño pensado acabar o ciclo de cociña e facer un superior de restauración.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016-2018. FP media 1º de panadería, pastelería e confitería (As Neves).
- 2011-2016. ESO no Instituto de Educación Secundaria Pedras Rubias (Salceda de Caselas).

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2016-2018. Prácticas en varias empresas



Requeixo limón e mel



XUVENTIINE
2018
CREA

MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

Presidenta

Elena Fabeiro Castro
Xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño

Vogais

María Noelia Peña Pérez
José María Mayer Segade
Miguel Rodríguez Bertojo

Secretaria

M^a. Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO



Dana Rodríguez Justo

Vigo

Nacín en Vigo en 1994. As artes plásticas, en especial o debuxo e a pintura, estiveron sempre moi presentes na miña vida desde cativa así que encamiñei os meus estudos cara Belas Artes. No transcurso da carreira descubrín o meu interese pola escultura que máis adiante desembocaría na xoiería.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- ↳ 2012/2016 UVIGO. Pontevedra. Grao en Belas Artes
- ↳ 2016/2018 EMAO. Vigo. Ourivaría

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- ↳ 2018-actual. Mayer Joyeros. Teo



Atómico



2º PREMIO

Lara Bande Huri

Cambados

Durante os meus estudos realicei moitas pezas de diferentes estilos, na asignatura de talle traballabamos cos metais, era onde creabamos as chamadas xoias. Mentres, noutras asignaturas como Volume e Proxec-tos, faciamos maquetas e prototipos que chegaron a ser moito máis que iso. As miñas pezas de *Cestería* saíron da asignatura de Volume na que estabamos a traballar os trezados de cestería con médula, eu combinei iso cos metais, neste caso latón, creando así a súa estrutura e dándolle brillo as pezas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- ↳ 2016-2018, EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela. Técnico Superior en Deseño de Xoiaría Artística.
- ↳ 2018-2022, EASD Pablo Picasso da Coruña. Estudo as Ensinanzas Superiores de Deseño de Interiores.



Cestería

3º PREMIO

María Espasandín Miranda

Santiago de Compostela

Eu entendo a xoiería como algo que forma parte de cada un, que define tanto o estilo da persoa que as diseña como o da persoa que as leva. Para realizar as miñas pezas inspírome na natureza e tamén nas formas xeométricas, incluso xogando con diversos materiais como poden ser o lenzo, o vimbio, a porcelana, a silicona etc. A miña metodoloxía de traballo comeza cun bosquexo do que ao final deriva un prototipo feito con arames, para por último, traballar no taller conseguindo a peza definitiva, concretando os meus deseños a través dos resultados obtidos.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- ↳ 2016-2018. EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Técnico Superior de Xoiería Artística.
- ↳ 2018-actualidade. Bolsa de Formación en Noroeste Obradoiro. Santiago de Compostela



Estructuras de vida

MENTIÓN DE HONRA

Alexandro Castañón Vilariño

Santiago de Compostela

O meu traballo baséase na experimentación con materiais alleos á xoiería (plástico, silicona, porcelana), buscando unha simbiose entre o tradición e o contemporáneo.

Desfruto por completo do proceso de creación, desde o deseño inicial á fabricación. Isto é o que fai que a xoiería sexa única. Por moito que avance a tecnoloxía, o traballo artesanal seguirá sendo insubstituíble. É por todo isto que para min unha xoia vai máis alá dun simple complemento. É parte dun mesmo, defínenos.

O meu traballo céntrase en explorar as miñas experiencias e vivencias persoais. Con cada unha das pezas trato de mergullarme nos meus pensamentos, analizar cada idea ao máximo. Un dos meus obxectivos é esvaecer a liña entre a xoiería e a moda, pois unha non pode vivir sen a outra.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- Setembro 2016–xúño 2018: EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Técnico Superior en Artes Plásticas – Xoiería Artística.
- Setembro 2018–actualidade: EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Grao en Deseño de moda.



Ferida

**XUVENTINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Xoán Arias Soler

Xoán Álvarez Rey

Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

Secretaria

M.ª. Belén Pardal García





1º PREMIO COMPARTIDO

Beatriz Mª. Santos Gestido

Vigo

Son unha artista multidisciplinar que se move entre unha arte abstracta e figurativa, onde temáticas como o ser humano, o seus sentimentos e as súas emocións, o paso do tempo, a memoria, a ausencia e a natureza, están intimamente relacionados e cobran vida nas miñas obras.

Un obxectivo importante é achegar a arte ás persoas, tanto en espazos de difusión e exposición como galerías e museos, como en espazos públicos e urbanos.


A arte que creo representa o que son, o meu pasado, o meu presente e o meu futuro están ligados a el.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2018. US. Sevilla. Graduada en Belas Artes
- 2017. Formación ao cadrado, Sevilla. Curso de Comisariado
- 2018. Arte Sostible, Sevilla. Curso de orientación para artistas visuais
- 2018. Escola Libre de Artes Plásticas, Priego de Córdoba. XXVI Curso de debuxo e escultura en bronce.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2014. Exposición Individual na Sala Ángel Botello, Cangas
- 2017. Doazón obra escultórica Museo de Arte Contemporánea Sala Miguel Fuentes del Olmo, Xaén.
- 2018. Exposición grupal en Arruda dos Vinhos, Portugal
- 2018. Exposición Grupal Bienal de Escultura *Jacinto Higuera* en Xaén



Non estar e estar

1º PREMIO COMPARTIDO



Sergio Sueiro Miranda

Vigo (1996)

Reparando na miña carreira profesional e o xeito de traballar, considerárame a min mesmo unha persoa involucrada co contexto no que traballo, é dicir, preciso conectar coa situación na que me atopo no momento de desenvolver un proxecto; deste xeito nunca deixo de achegar un enfoque persoal no meu traballo que reflicte a miña identidade como autor.

Gústame experimentar novas áreas e descubrir o lonxe que podo chegar cando logro acadar o resultado que espero de min mesmo, de modo que a persistencia é para min considerada como un valor do que un nunca se debería desprender cando se quere conseguir un obxectivo.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2015-2017: Estudos de Fotografía na Escola de Arte e Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela).
- Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.



(O) Presión

2º PREMIO COMPARTIDO



Alejandro Rego Díaz

A Coruña

Nacín o 18 de outubro de 1993 na Coruña. Cursei os meus estudos obrigatorios no Colexio Calasanz-PP. Escolapios. Estudei arquitectura nas universidades da Coruña e París-La Villette e licencieime en Filosofía pola universidade da Sorbona. Tras catro anos vivindo na capital francesa, en 2018 retornei a España para estudar un mestrado de fotografía en Madrid, cidade na que sigo residindo actualmente. A meirande parte do meu tempo repártese entre a lectura, a escritura e a fotografía.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2015-2017: Universidade Nacional de Educación a Distancia, Grao en Filosofía
- 2017-2018: Universidade da Sorbona, París, Licenciatura en Filosofía
- 2018-2019: Escola PIC.A, Madrid, Mestrado PhotoEspaña de Fotografía



Still life



2º PREMIO COMPARTIDO

Eire García Cid

Vigo

Non, definitivamente non se pode destruír a casa do amo coas armas do amo; se cadra crebar algún moble...

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2009-2013 UVIGO. Pontevedra. Graduada en Comunicación Audiovisual.
- 2013-2015 USC. Santiago de Compostela. Premio Extraordinario do Mestrado en Educación, Xénero e Igualdade.
- 2015-actualidade USC. Santiago de Compostela. Doutoranda en Comunicación e Información Contemporánea.



Retratos feministas

3º PREMIO COMPARTIDO

Andrea Lois Gómez

Vilagarcía de Arousa



Desde ben pequena sentín inquietude por isto das “Artes”, decidinme sempre pola pintura ata que me regalaron a miña primeira cámara de carrete coa que meus pais levaron máis dun desgusto cando quería ir revelar dez carretes de cousas *rándom* ao mes. Estudei o bacharelato artístico e tiven a sorte de compartir aula con grandes mestres que me abriron os ollos a moitas posibilidades.

Foi mentres cursaba deseño gráfico na Coruña cando naceu este proxecto, grazas a vivir nunha rúa máxica, bastante tempo libre e desfrutar máis da ventá que da televisión.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2017. EASD Pablo Picasso. A Coruña. Estudos Superiores de Deseño, Especialidade de Deseño Gráfico

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2018 Zara Home. A Coruña.
- 2018-2018 Wired&Linked. A Coruña.
- 2018-2018 Infinite Opportunities Association. Sofia, Bulgaria.
- 2018-2019 Pululart. A Coruña.



Fragmentos de vida



3º PREMIO COMPARTIDO

Beatriz Mazaira Suárez

A Coruña

Desde cativa sempre me sentín atraída polo ámbito cultural. Estudei no Conservatorio de Música da Coruña e formeime nunha academia de artes plásticas.

Durante os meus estudos na Facultade de Belas Artes, e na actualidade, enfoco o meu traballo pictórico e fotográfico na comunicación e expresión de problemas sociais, a través do retrato de persoas do meu contorno.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2014 Universidade de Vigo. Pontevedra. Mestrado de Profesorado en ESO, bacharelato e FP
- Itinerario de arte.
- 2007-2013 Universidade de Vigo. Pontevedra. Graduada en Belas Artes.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015-2018 Martina Dadá Xestión Cultural. Pontevedra.



Des lapins furieux



MECIÓN DE HONRA

Zeltia Iglesias Rodríguez

Ribeira

Nacín nunha vila e ao pouco mudeime a unha aldea. Vivín en seis lugares distintos e díxéronme que andar polo mundo me ía facer apreciar o meu, mais o que me fixo apreciar Galiza non foi iso. Tampouco foron os folclorismos. Si foi coñecer onde vivo, a nosa realidade material e a nosa historia. Como estudante de arte e deseño, non me interesan as estéticas baleiras, nin tampouco as modas globais. Os traballos deben ter contido, o concepto é imprescindible. Quero comunicar e quero facelo para a xente coma min. Nun mundo onde todo é político, sinto a necesidade de apreciar a función social destas disciplinas: temos que crear propostas críticas, que cuestionen o modelo establecido, participativas, diferentes, que fagan pensar. As persoas que traballamos nisto debemos ser compañeiras, nunca competidoras e apostar sempre por un proxecto común e transversal que contribúa á consciencia social no camiño da loita contra o sistema.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2015-2017 EASD Mestre Mateo. Compostela. Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño en Fotografía (LOE)
- 2017 Universiteti i Arteve. Tirana. Técnico Superior en artes plásticas e deseño en fotografía (LOE)
- 2017-actualidade. EASD Antonio Faílde. Título Superior de Deseño na especialidade de Gráfico.



Antibandeiras



**XUVENTINE
2018
CREA**

MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Amabel González Troncoso

Pow One

Sokram

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

Secretaria

Begoña Rouco Vázquez



1º PREMIO

Ismael Pérez Fernández

A Coruña





Serpe



2º PREMIO

Aldara Rodríguez Patiño

A Coruña

Chámome Aldara, son ilustradora e deseñadora de moda, dedícome ao que máis me gusta e desde hai uns catro anos comecei a trasladar as miñas ilustracións a un formato maior como un muro ou parede, utilizando pintura en sprays e pintura plástica. Non me dedico profesionalmente ao muralismo, pero encántame ir pintar, e máis como unha afección. Gústame utilizar variedade de cores sen que correspondan coa realidade e mesturar distintos tratamentos da ilustración nos diferentes elementos que compoñen a obra.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2010. Instituto de Adormideras, A Coruña. Bacharelato, artes, estudos artísticos.
- 2010-2012. EASD Pablo Picasso. Ciclo Superior de Ilustración
- 2012-2013. EASD Pablo Picasso. Cursado primeiro ano de Deseño Gráfico
- 2014-2017. Deseñadora de moda. Empresa Corguitex, S.L
- 2017-actualidade. Deseñadora de moda. Indítex SL



Amodiño



3º PREMIO COMPARTIDO

Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera

Baiona

Tras varios anos pintando, a carreira de Belas Artes e diversas vivencias, sigo sen saber definir con exactitude que é o que fago. Non me gusta definirme como artista, xa que aínda que coñeza as bases propias como debuxar ou pintar, non todos os valores e ideas que a arte transmite son os que me representan. Máis ben un coñecedor da técnica ou un artesán é como podería nomearme, o cal forma parte dunha cultura popular como é o Hip Hop, que ten como base principal o respecto.

A partir disto, trato de realizar imaxes coas que transmita algo, calquera cousa, pero que non deixe a ninguén indiferente. Porén, non quere dicir que faga o que fago para contentar a ninguén, simplemente trato de crear cousas que emocionen, coas que eu estea satisfeito, aínda que isto é o máis complicado.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014-2018 UVigo. Pontevedra. Licenciado en Belas Artes

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. Finalista na especialidade de graffiti
- 2016. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. Finalista na especialidade de graffiti
- 2017. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. 3º premio na especialidade de graffiti
- 2017. O Marisquiño. Vigo. Finalista I Concurso No Hate
- 2017. Museo Etnográfico Liste. Vigo. Decoración Mural
- 2019. Proxecto Ewa. Vigo. 2º clasificado no I Concurso *Batalla Mural*



Utopía del norte

3º PREMIO COMPARTIDO



Enrique Facal Vázquez

Abegondo



Noches esperadas

**XUVENTINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE MODA

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Heriberto Otero González

Belén Correa Corredoira

Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Secretaria

Antía Guillén García





1º PREMIO

Patricia Crujeiras

Vigo

Formeime en diferentes escolas como deseñadora de moda especializada en patronaxe. Constantemente estou investigando materiais e desenvolvendo coleccións para presentar en concursos coa finalidade de mostrar o meu traballo ao público. Son unha apaixonada de crear tecidos diferentes de xeito artesanal, para que as miñas pezas sexan exclusivas, mesturando materiais téxtiles con outros elementos para innovar.

En constante formación, gústame enfrontarme a novos retos xa que, cada proxecto, require un traballo e unha investigación diferente que me xera inquietude e ganas de perfeccionar as miñas habilidades.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2018. Deseño Gráfico na Universidade Internacional da Ríoxa (Cursando)
- 2016–2018. Ciclo Superior de Patronaxe e Moda no CIFP Manuel Antonio
- 2013–2016. Pin Factory Centro de Formación Profesional
- Abril 2018–setembro 2018. Deseñadora en prácticas. Pilar Bande SL
- Xullo 2017–setembro 2017. Deseñadora en prácticas. Le Club Art Textile Workshops SL



Deja las líneas correr



2º PREMIO

Noelia Tojeiro Ramil

As Pontes de García Rodríguez

Son unha deseñadora de moda versátil e inconformista, preocupada pola sustentabilidade en todas as súas vertentes e que valora a artesanía, a arte e a natureza.

Cada proxecto mostra diferentes fontes de inspiración procedentes de ideas diversas, valores, emocións, conceptos, sensacións... que trato de transmitir coidando sempre cada detalle e asegurándome de que todo o conxunto exprese á perfección a súa esencia e propia personalidade, sempre mostrando unha pequena parte de min e da miña idiosincrasia.

Orixinalidade, ética, respecto ao medio ambiente, mestura de materiais, diversidade de técnicas, multiculturalismo, calidade e bos acabados, son os piares nos que se fundamenta o meu traballo e cada unha das miñas creacións.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014-2019 EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Graduada en Deseño de Moda.
- 2016 EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Curso de tinguido e estampación con pasta Thermofax.
- 2017 USC. Santiago de Compostela. Curso *Cando o efémero se eleva á categoría do sublime: moda, algo máis que un concepto.*
- 2017 USC. Santiago de Compostela. Curso *Slow Fashion, tradición artesá e innovación sostible.*

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Marzo-abril 2018. Prácticas externas en Carmen Vázquez Industria Téxtil, SL. A Coruña.



3º PREMIO



Irene Gómez Rodríguez

Crecente, Pontevedra

Chámome Irene e estou estudando deseño de moda e patronaxe co fin de poder dedicarme á moda nun futuro próximo.

Gústame sobre todo a parte máis creativa, pero tamén sinto que é moi importante saber levar a cabo os proxectos que me inspiran.

Encantárame poder seguir aprendendo cousas novas a medida que pasa o tempo e non conformarme nunca co pouco que sei. A miña meta é atopar xente, experiencias e situacións que me axuden a medrar como persoa e como profesional.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2015-2018: Pin Factory, Vigo. Estudos superiores de deseño de moda e patronaxe.
- 2018-Actualidade: CIFP Manuel Antonio. Técnico Superior en Patronaxe.



Ónix

**XUVENTIINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE MÚSICA

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Francisco Allo Fernández

Gandy

Manoele de Felisa

Antía Guillén García

Secretaria

M^a. Jesús López Cernadas



1º PREMIO COMPARTIDO



Oïma

Outono de 2015

Oïma somos Antía Ameixeiras (violino), Olalla Liñares (clarinete) e Martiño Senande (acordeón diatónico). Facemos música tradicional e de composición propia, casando ritmos galegos cos doutras latitudes.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

Desde que nos arrexuntamos no ano 2015 tocamos en diversos escenarios de Galiza e de Portugal, tanto en formato concerto como en formato baldfolk. Pasamos así por lugares como A Coruña, Arzúa, Baio, Laxe, Ortigueira, Ponteceso, O Barqueiro, Negreira, Moaña, Palas de Rei, Mos, O Carballiño, Rois, Santiago de Compostela, Vilar de Santos, Lisboa, Coimbra ou Castelo de Vide.

No 2016 gañamos o *I Festival Folk de Artistas Emerxentes Val da Mahía* e o certame *Xuventude Crea*.



Oïma cos temas Xota do Galao e Mazurca para Xosé María

1º PREMIO COMPARTIDO



Closer



Closer cos temas It will rain e Letra a letra



2º PREMIO COMPARTIDO

David Dealonso

David Dealonso nace en 2018

David Dealonso é un proxecto que nace como resposta a unha necesidade creativa. As cancións enmarcan sentimentos, vivencias e idealizacións en primeira persoa. Cunha carreira artística que se foi forxando noutros proxectos anteriores, decide optar por facelo en solitario coa ambición principal de desfrutar e facer desfrutar. O proxecto non repara nun tipo de música concreto pero focalízase nos concertos acústicos nos que combina cancións en galego, castelán e inglés.

David Dealonso publicou *Luces*, un EP de 3 temas que se poden atopar en diferentes plataformas como *Spotify*, *Deezer*, *Youtube* ou *Itunes*.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO SOLISTA

- 3/11/2018 Final na especialidade de música Xuventude Crea en Betanzos.
- 11/12/2018 Canción de mostra para a Gala de entrega de premios Xuventude Crea na Cidade da Cultura en Santiago.
- 28/03/2019 Actuación musical en directo no acto de entrega de premios das mensaxes gañadoras do certame Língua de Namorar 2019 en Padrón.



David Dealonso cos temas Somos e Curvas



2º PREMIO COMPARTIDO

Leda Atómica



Leda Atómica cos temas Ouvea! (Como Virxinia Woolf) e Modernas muertas



3º PREMIO COMPARTIDO

Denis

2013

Son un músico vigués que, ademais de tocar en grupos como The Riggos, Nítido e Sniff & Crash, desenvolvo, desde hai xa algún tempo, unha carreira en solitario. Moitas das cancións que compuña non tiñan cabida en ningunha das formacións nas que participaba. Eran melodías con aires country, pop e blues. Todas elas foron recompiladas no meu primeiro disco, *Memoria* (2019), gravado ao longo de 2018 no meu estudio caseiro *Estudios centrales de mi habitación*. Trátase dun traballo conceptual co que quero contar as preocupacións da xente da miña xeración de forma moi indirecta e a través de personaxes. A miña obsesión por contar historias relaciónase directamente con que compoña tamén bandas sonoras para diferentes proxectos audiovisuais.

Á hora de levar isto ao directo, aposto pola miña guitarra acústica e, como moito, algunha harmónica. Gústame moito o minimalismo.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO SOLISTA

- 2013-2016. Incontables concertos en sesión vermú no extinto Feirón de Bouzas
- 27.12.2014. A festa dos manequíns (Vigo)
- 12.03.2015. A lenda (Vigo)
- 09.05.2015. O parlamento (Santiago de Compostela)
- 02.03.2016. O contrabaixo (Vigo)
- 30.04.2016. Ponteocio (Ponteareas)
- 03.11.2018. Café Lanzós na final dos premios Xuventude Crea 2018 (Betanzos)
- 23.12.2018. Mercado creativo (Tomiño)
- 29.03.2019. O contrabaixo (Vigo)



Denis cos temas Rock da bañeira e Aire

3º PREMIO COMPARTIDO



La Grotta



La Grotta cos temas La fuerza e Galiza chora



**XUVENTINE
2018
CREA**

MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE POESÍA

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Guadalupe Gómez Arto

Xosé Luna Sanmartín

Luis González Tosar

Víctor Manuel Furelos Guillén

Secretaria

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO



Brais Lamela Gómez

Vilalba

O meu traballo literario ten acadado, entre outros, o premio Xuventude Crea de relato breve (2017, 2015), o premio Xuventude Crea de poesía (2015) e o premio literario Minerva de poesía (2013).

FORMACIÓN ACADÉMICA

- Estudante de doutorado na Universidade de Columbia da cidade de Nova York onde escribo sobre literatura medieval europea.
- Mestrado de investigación (Mphil) na Universidade de Cambridge grazas a unha bolsa do banco Santander.

A casa de Ester

*Pero como poderei resistir se vai caer a desgraza sobre o meu pobo, como
poderei salvarme
se a miña patria vai ser destruída?*

Libro de Ester, 8:6

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Os nomes na casa de Ester

Como, entón, o meu propio nome?

Como?

Chus Pato

Os nomes dos da casa de Esther chegaron todos por correo ordinario: Walda, Dempsey, Ester, Benicio.

Eran o tesouro triste dos parentes emigrados os nomes —déronlles brillo coma se fosen potas e cazos nas cociñas máis ricas de Bos Aires fascinados coma quen contempla un peixe exótico quedaron prendidos dos nomes que escoitaron berrados en inmundos transatlánticos *co ademán políglota das bandeiras.*

Benicio: o nome que chegou xunto a unha presa de azucre de Viñales e unha foto do tío e o tío semellaba un actor de cine mudo na súa primeira comunión e nunca máis soubemos que foi do tío.

Walda: o nome chegou polo curmán que se foi á Arxentina e se fixo tenedor de libros e morreu de tuberculose e ninguén soubo o que era un tenedor de libros.

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Máis que nomes: pedras preciosas
puídas polas mans dos escribáns coma por ríos profundos
todos os emigrantes que dicían todo vai maravillosamente durmirmos nas mellores camas
fragmentos brillantes do país das lavadoras que se chamaba estranxeiro

Os Nomes

mobles novos
desacostumados á humidade
balorecían, o seu brillo esluído de pasar por moitas bocas: a Ubalda,
o Dense.

Os rapaces facían gorgolexos cos nomes dos da casa de Ester polas eiras
os funcionarios da administración escribíanos con faltas.
Pero todos coñecían o nome de Ester.
Na Biblia, Ester é a que salva o seu pobo da desaparición
é a que terma da casa.

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Visor

Os ollos de Ester rexistraron todas as transformacións sucedendo sen nostalgia.

Foi a época dos cables de alta tensión
as tabernas enchéronse de galletas María e outros signos da plenitude
nas cortes das vacas fixéronse comedores con mesas estendidas para os días de festa.

Desapareceron acompañados ciclos / o almanaque ergueuse arbitro único do tempo.

Todos os veciños preparaban oposicións
ou traballaban no matadoiro.

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Dies Irae

Fomos quedando sós

as mazás podrecen nas cortiñas
medran demasiadas verzas para escasas bocas na casa de Ester.

Así Ester colle unha maza roída polos estorniños
guíndaa máis aló da eira
coma unha botella pechada con aroma de terra

sen mensaxe.

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Elexíaca

Realmente na Biblia o Libro de Ester é a historia dun xenocidio cultural

incumplido.

O malvado Amán libremente fixa a data da aniquilación do pobo en doce meses
coma quen fixa o prezo do leite
pero Ester implora ó rei que salve o seu pobo —así Ester triunfa entre as rosas
arrecenden os nardos en Xerusalén
conséguese vinganza polas aldraxes infrinxidas.

Pero as narrativas da Biblia nunca se corresponden exactamente: Lévi-Strauss diría
son *bonnes à penser* iso é
boas para pensar con elas.

Neste poema o trono do rei está baleiro
e as nosas pregarías mía senhor
non commoverán a ninguén nesta soidade cósmica.

Nós somos da estirpe daqueles que non deixaron marca.

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Nichos

Tendo vivido, os mortos nunca poden permanecer inertes

John Berger

Ao rematar o día Ester pasea polo camposanto depositando rosas

coma versos:

Leonita de Enrique (1901-1978)

aquí xace Leonita que coidou de tódolos enfermos da casa
a muller das pernas inchadas que sintonizara ás agachadas
a frecuencia da Pirenaica que se escondeu no palleiro por roxa que antes de marchar
asegurouse de depositar cun ademán de vida e furia necesaria un non-voto por ninguén foi
a primeira urna que os seus ollos endexamais viron

Toño da Avieira (1898-1988)

este Toño que lía nos xornais onde envolvían os queixos
tíñache maña para traballar pero vendeu todas as leiras
cando fixeron a autoestrada todos os seus fillos marcharon para o estranxeiro
traballar en Londres de camareiros ou con beca non somos moitos
os que quedamos este Toño meu probe pero aínda che lle daba ben ó pasodobre
cando era festa

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

Elena do Leiteiro (1921-2017)

foi este último agosto a Elena aínda axudou
apañar as patacas despois deu en non saír máis da casa
deixaba as ventás abertas víamos o televisor aceso a súa boca
babexando nomes fronte ao telexornal Elena lembramos cando roubamos o viño de misa
e o bebemos ás agachadas Elena eramos as mellores amigas
na escola

Manuel de Prado (1954-1999)

Manuel fúcheste aínda eras novo ninguén máis se acordou
de esmoucar as polas que caían sobre o caneiro xa non se baña ninguén
no río Manuel tragárono as árbores por que non
che daría por casar e ter fillos non somos moitos os que quedamos iso
xa o dixen antes estou a repetirme iso sonche
os anos si seguramente son
os anos.

Brais Lamela Gómez | *A casa de Ester*

post-scriptum: hai moitos mundos sostidos por pequenos Atlas

*Se aínda aguanta a casa
se aínda Ester paseando a súa escoliose vai deixar flores aos defuntos
e algún neno remexe nas augas do río
buscando cágados
á vangarda
da Vida.*



2º PREMIO

Ana Boquete López

Cerceda

Probablemente libro sexa a segunda definición de fogar e fogar a única definición que quixera darme a min mesma. É das historias de onde nacemos todas e de onde me gusta pensar que vivo eu. Sempre me gustou a arte en todas as súas expresións, estudei ilustración, deseño gráfico e historia da arte. Da vida só agardo chegar a vella con tantas engurras como historias.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016-2020. EASD Pablo Picasso. A Coruña
- Título Superior en Deseño Gráfico
- 2017-2021. UNED. A Coruña
- Grao en Historia da Arte

Anatomía emocional dun naufraxio

Ás veces soño con castores e presas de palabras prestadas na garganta
Levo na pel tatuado o tacto de cada persoa que me fixo sentir
Estremézome e nacen cumes na derme, coroadas por emocións
Nos ollos, encoros
Secos e a piques de desbordarse
A forza do mar no corazón, pulindo recordos como area
Sacando arestas tan afiadas como rochas
Limando e esquecendo monstros
que habitan nas tantas fracturas
Recompoñendo
Compoñendo
Rupturas
Novas.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

Buscar ás apalpadas terra

Intentar respirar

Respirar

Recordos como coielos (a)fúndense

(afúndense)

Afúndenme

Pragmatismo ideal

Inexistente

Berra

Por que

Afúndome

Buscar ás apalpadas o que nunca estivo.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

Isquei o corazón

Escoitei o eco dun soño

(non quixen ouvir a ninguén máis)

Máis que luz,

brétema

escura

Máis que soños,

pesadelos

Naufrago

Pérdome

Perdo

Non sei o que é gañar

Nin quero

Atopar

Atoparte

Naufragado.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

Teño o corpo asolagado
Dunas de pel enrugada
Dudas, frío
Busco o sentido que perdín
O leme que non guiaba
Derivo, nado
Nada
Toco terra na beiramar
Sinto a area
Mais non floto
Nin afundo
Non vivo
Nin sinto.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

Todas as táboas flotantes

Os anacos fracturados

De emoción quebrada

Todas as pezas perdidas

Necesito un compás novo

Aquel xa non me guía.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

As feridas, podres

Cansas de (non) cicatrizar

De que as habite a risa

Que se baña ás veces no sangue

Que mora e descansa, sen correr nin recorrerme

Sen sanar nin abrasarme

Ven o mar e as ondas e o sal e os paxaros voan e
seguen migrando

De aquí para alá

Mudando

Mentres a mina medra.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

Poucas veces voan as palabras
Non fan máis que cravarse como espiñas
No peito e na garganta
Nas saídas que taponan
Obstrúen
Deixándote sen respirar

Arrefriante como o xeo
Que recobre a miña pel de neve
Son sal.

Ana Boquete López | *Anatomía emocional dun naufraxio*

Cría que tiña a terra seca, queimada
Estaban nacente froitos diferentes
Toda a auga que tiña para regar foron bágoas
Que caeron como ríos cheos
Desbordando e acabando co terreo

Agora a vida faime cóxegas
Teño terra nova e diferente, con sal e auga
E bágoas salgadas que conteño para cando quero rir
Teño area e rochas e tesouros
Un barco imbatible que son eu
Que sempre se rompe e se fractura e se queima e arde
e se desfai e se perde e se afunde
Para volver, sempre para volver

A mirar o ceo no tempo de barbeito
Mentras nas nubes busco monstros que me asusten
Para soplarlles e se vaian
Para perderme e atopar outro camiño
Que nunca estea no mapa.



3º PREMIO

Carlos Lixó

Carreira (Ribeira)

Gústame probar cousas diversas porque son moi consciente de que só teño unha vida. Entre elas, as que sei que nunca vou abandonar son a docencia, a escrita e a música. Actualmente estou a acabar a miña tese de doutoramento sobre fortificacións altomedievais na Galiza, dou aulas de historia medieval europea e son mandolinista no grupo de punk-folk Tecor Societário. Son nostáxico e carreirán. Todo isto condiciona a miña maneira de estar no mundo e, por tanto, a natureza dos meus textos.

Como escritor recibín varios premios de narrativa e poesía, entre os que destaca o Premio Nacional Pérez Parallé polo meu primeiro libro de poemas *As casas*, publicado por Espiral Maior en 2018.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2009-2013. USC. Santiago de Compostela. Grao en Historia, con Premio extraordinario e Premio de fin de carreira da Xunta de Galicia.
- 2013-2014. USC. Santiago de Compostela. Mestrado en Profesorado de Ensino Secundario.
- 2014-Actualidade. USC. Santiago de Compostela. Doutoramento en Historia Medieval.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015-actual. Santiago de Compostela. Investigador predoutoral e profesor en formación na USC - Contrato FPU.

Vinganza

PEGADA AO CHAN pola mole do peso dos males do mundo

entrego as herdades que tiven dos meus pais
e as presuras
pomares e vides
terras de trigo e centeo
catro vacas cos seus becerros e dúas monturas fortes
a pedra verde que me trouxeron de persia
 que fai abrir os chuchameles
 como me abre a min o corpo
 o sol cando me mostro núa
dous libros de horas e unha vida de santa iría
a vila onde vin crecer os meus fillos
unha serva muda que se chama sarracina

ese é o prezo da morte dun home teu
e eu podo pagalo
e alí fundarse ha un cenobio

conságraos

Carlos Lixó Gómez | *Vinganza*

EU SEI POR QUE te pegaron
pegáronte por mexeres o teu corpo na terra
pegáronte porque lambes coa lingua grande

quero facer as paces co tempo
non brigar con el
mais ti fas ramos de flores e bordas
posme diante da cara os días que se van acabando
 que escorregan
por moito que se esforcen as aves migrantes
por moito que teñamos por diante a vida toda

pegáronte
porque un día viches caerlle as lágrimas da cara
 á nosa señora da saúde
porque sabes falar coas mulleres
porque eles gustaban máis de ti do que ti deles

dás dous chimpos de paxaro
bótasme os brazos no pescozo
disme ao ouvido
 agora son feliz

uns rapaces que se abrazan
dúas garzas recén pousadas na lagoa deserta

Carlos Lixó Gómez | *Vinganza*

memorial

CANDO CHEGAS AO PORTO é xa sol fóra
tilíntanche as moedas dentro do peto
ao camiñares rebolando
coas cachas grandes apertadas nas mallas de leopardo

perto do sitio sentas e ficas alí
ollas por unhas horas desde un banco
 que che vexan ben
 e non poidan dicir nada
sabes que o sabes, non sabes como o sabes
mentres non o fixeches sempre foi tempo de facelo
o mundo está parado só es ti que o fas andar
como un muíño
coa forza dos teus pés

debaixo baldosas e debaixo cemento
e debaixo do cemento un pavimento vello de pedra
que ninguén lembra xa
do tempo en que se fundou a cidade
e despois rocha granítica
e nela hai un grande buraco cheo de auga
co esqueleto dun peixe maior que o meu tamaño

Carlos Lixó Gómez | *Vinganza*

ten cada cousa o seu momento
eles aínda non saben nada
decontado han saber
e será tan tarde como xa é agora
porque está decidido
vas recuperar o que che roubaron
e vas deixar propina

Carlos Lixó Gómez | *Vinganza*

AGOSTO É UN PLANALTO poeirento

repítense as mesmas hipóteses
procúrase a recuperación do instante preciso
en que do amor dos nosos pais gomou o azar:
mais non hai problema en atravesar o irrecuperábel
unha e outra vez
dentro do propio corpo

o desexo de perpetuarse é perverso só para os que non conseguen

agosto é un planalto poeirento e desértico no medio da tarde

agosto acaba onde comezan as sombras

Carlos Lixó Gómez | *Vinganza*

A AUTOESTRADA ATRAVESA como un fío de ouro
o pomar o souto o prado
o espazo onde estivo a casa de mumadona paz
a carreira vella ao norte
o río até por catro puntos diferentes
o castro con nome acabado en -bre
que non sempre foi fronteira
e nos separou dos outros

a autoestrada atravesa as isoglosas

o monte ao pé do que se fundou o mosteiro
consagrado á santa que che fixo a milagre
perforado por un túnel
penetrado mil veces por día
cando pasa por alí túa nai comenta
que pequeno fixeron este túnel
non che me gusta nada
agobia

na casa sácalles as tripas aos peixes
sabe ver se están frescos
sabe ver os presaxios
prefire conducir por vía secundarias

Carlos Lixó Gómez | *Vinganza*

perdoar é un xénero de vinganza honesto e grande

Martiño de Dume



**XUVENTIINE
2018
CREA**

MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Elena Gallego Abad

Armando Requeixo Cuba

Francisco José Castro Veloso

Mario Caneiro Ameneiros

Secretaria

M^a. Elena Fernández Carrazón



1º PREMIO



Hugo Lozano Hermida

Vilalba

FORMACIÓN ACADÉMICA

- ↳ Licenciatura en Historia na Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén cursei un Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad e onde, na actualidade, remato unha tese de doutoramento cun contrato de investigación financiado pola Xunta de Galicia.

O tempo e a ventá

I

Gustárame empezar esta confesión dicindo o meu nome, pero agora mesmo non o lembro. Din que á miña idade é normal que se me esquezan as cousas, pero eu sei que non é certo. Seino porque aínda lembro perfectamente a que recendía o pelo da miña nai cando eu era pequeno. Viña por min ao xardín de atrás, no que eu pasaba longas tardes perseguindo trasgos bromistas, loitando contra sabios dragóns ou rescatando princesas fermosas en inmensos vestidos. Tras unha breve carreira, ela atrapábame e levantábame no aire, e no medio do seu abrazo eu podía ulir o seu pelo, con ese aroma intenso a améndoas. A miña nai creaba as súas propias fórmulas para o xampú e facía que o meu tío Miguel lles preparase na parte de atrás da farmacia que foi do meu avó.

O meu avó era boticario, eu non o coñecín. Dicían que era un home moi serio e cul-to, aínda que probablemente tamén fose distante e parco en palabras. Isto último dígoo porque o meu tío Miguel sempre dicía que me parezo moito a el e eu son así... era así, agora xa non sei como son. Hai días que me sinto eu mesmo e outros que non me recoñezo. Ás veces teño unha sensación de euforia incontida, síntome mellor que cando tiña trinta anos. Sinto coma se o mundo fose meu por dereito e todo canto quixese me fose concedido só con pensalo. Unha vez soñei algo así. Unha vez soñei que estaba a soñar.

Eu estaba na rúa, camiñando cara á facultade como cada día, pero de súpeto sabía que eu non era eu e aquela non era a miña rúa. Sabía que estaba nun soño, era plena-mente consciente; pero esa xenuína certeza non fixo que espertase, como a miúdo oco-rre, senón que seguí durmido. Nese momento preciso de revelación sentínme todopo-deroso. O mundo no que me atopaba non era real, era produto da miña mente, o que facía de min un deus omnímodo, amo e señor de todo canto me rodeaba. Só con pensalo os meus pés eleváronse sobre a beirarrúa. Só con apuntar coa miña man a unha caixa de correos e pechar o puño, desatouse unha explosión de papel. A nube de cartas formou unha bandada e botou a voar comigo. Sentín un medo diferente a calquera outro, a ver-tixe que impón o abismo do poder. No máis alto do voo, co mundo aos meus pés e ro-deado de correo, decidín espertar. Foi unha decisión consciente, non podía ser doutra maneira, aquela noite eu era dono do meu propio soño, era inmortal e os inmortalis só morren cando eles o deciden.

Agora non decido eu. Cando a euforia pasa faino tan repentinamente como chegou e sen avisar. Quedo afundido e canso. Pésanme todos os ósos do corpo e sinto coma se a vida se me fose polas gretas da pel, como se eu fose un cesto de vimbio cheo de auga, como cando de pequeno tentaba beber coas mans no regato que baixaba da Pena Gris e a auga se me escapaba entre os dedos sen apenas mollarme os beizos. A aquel pequeno outeiro chamabámoslle A Pena Gris porque na parte alta non había terra e asomaba o xisto. Os cativos que tiñamos a sorte de non ter que traballar reuníamonos alí para xogar cando as nosas nais nos consideraban o suficientemente maiores como para prestarnos a liberdade de ir e vir sós. A min non me gustaba demasiado a compañía dos outros ne-nos, se a soportaba era só porque necesitaba actores para os personaxes que a miña des-bordante imaxinación creaba como compañeiros de aventuras. Estou seguro de que os demais non sempre entendían a complexidade dramática das historias que eu lles obri-gaba a representar comigo,

Hugo Lozano Hermida | *O tempo e a ventá*

pero como adoitaba ser xeneroso e rotar ao protagonista, non se queixaban e agardaban pacientemente a súa quenda. Daquela non precisábase máis que a compañía dos outros para pasar horas e horas entretidos.

II

Desde que estou aquí, a compañía dos outros moléstame, oféndeme, esperta en min unha ira inconcebible que non sempre son capaz de conter. Estou rodeado de vellos, a maioría demasiado maiores, enfermos ou medicados como para manter unha conversa-ción fluída. Algúns, os máis anciáns, pasan o día sentados contemplando o horizonte, sumidos en si mesmos, moi lonxe de aquí e de agora. Ao principio molestábame que se babasen sen que ninguén fixese nada e sinaláballo ás enfermeiras para que os limpasen, agora xa non insisto. Non paga a pena.

Pode que os meus compañeiros na cadea non sexan moi faladores; pero eu prefiro-os, unha e mil veces, antes que aos nosos carcereiros, homes e mulleres novos que me gritan qué debo facer ou me ignoran para falar entre eles coma se eu non estivese pre-sente ou non puidese comprendelos. Neses momentos sinto un pouco de envexa dos máis vellos, oxalá eu tamén estivese así, perdido no mar de min mesmo, baballándome, pero insensible á humillación, a salvo no meu veleiro interior e na procura de novos arquipélagos na miña mente, illado do exterior e das súas tormentas cotiás. Ás veces desexaría ser incapaz de comprender o despoxo no que me converteu o tempo, alguén que non conta, alguén que non está; tan irrelevante que a ninguén lle importa que escoi-te as súas intimidades. É aí cando a ira me domina e me fago notar, fágolles saber que estou presente, que aínda vivo; pero só consigo que me traten como a un neno revoltoso. A min, alguén a quen no seu día ovacionaban salas enteiras repletas de xente, que tivo o prestixio suficiente para que cando falaba reinase o silencio. A min, castíganme persoas cuxa educación non alcanza para dirixirse cortesmente a alguén que triplica a súa idade. A min, que me trataban de vostede desde os trece anos, agora chámanme polo nome sen nin sequera concederme o “don” que me permitiría salvar os últimos retrincos da miña dignidade. Iso fai o tempo co honor e o respecto, bórraos como borra as inscricións ou os rostros nas estatuas de granito.

III

Lémbrome do respecto co que se dirixían a min os traballadores do meu pai cando morreu e quedei a cargo do patrimonio familiar. Eu era moi novo, non lembro exacta-mente que idade tiña, pero lembro que aínda non necesitaba afeitarme a diario, así que non podía ser moi maior; claro que daquela nos facíamos adultos moito antes. Cando morreu a miña nai, eu era o suficientemente pequeno como para que puidese levantarme no aire e apertarme contra o seu pelo, así que non lembro como me sentín. A morte do meu pai, en cambio, é unha desas vivencias que sei con seguridade que nin sequera esta maldita enfermidade logrará roubar-me. Recordo perfectamente as sensacións que tiveron e a orde na que se sucederon.

Cando o meu tío Miguel me dixo que o atoparan no seu despacho completamente lívido, sentín pánico. Un pánico intenso e profundo que non volví sentir nunca. Logo púxenme moi nervioso, empecei a tremer de arriba abaixo sen

Hugo Lozano Hermida | *O tempo e a ventá*

ser capaz de falar con claridade nin de respirar profundamente. O meu tío abrazábame e intentaba consolarme. Non o conseguíu, pero eu fun capaz de repoñerme o suficiente para entrar en algo parecido a un automatismo funcional. Consegúin apartar a mente do que me ocorría e centrar a miña atención no que había que facer. Así sobrevivín ao velorio e ao funeral, considerando cada man que estreitaba e cada pésame que recibía como unha tarefa por completar, unha parte máis dun ritual obrigatorio e sen significado real, como sempre foi para min a misa do domingo, unha coreografía lenta e aburrida.

Cando todo rematou e do meu pai non restaba máis que un nome sobre unha fría la-xa de mármore, marchamos. Esa noite durmín como poucas antes e moitas outras des-pois, vencido polo cansazo da adulez, pola carreira perdida tras dunha infancia que fuxía de min. Foi ao día seguinte, logo de espertar e antes de vestirme, cando a tristeza me asaltou por primeira vez ata enmudecerme. Alí, moi preto de min, estaba a súa navalla de afeitar. Prestárama un par de días antes porque, dada a escasa frecuencia de uso, eu aínda non necesitaba ter unha propia. Foi a visión do seu fío aceirado e escuro na miña man o que me fixo notar, por primeira vez, que xa estaría só no mundo para sem-pre. Utilicei esa navalla a diario durante setenta anos, pasei longas horas afiándoa con coidado, pensando no meu pai e na miña vida, vendo como cada ano levaba un milímetro ou dous do seu fío, estreitando e acurtando a folla. Quitáronma cando me trouxeron aquí. É unha pena, aínda lle quedaba un último servizo que prestar.

IV

Ás veces a miña familia vénme ver.

Casei moi novo. Como case todo o importante que fixen na vida, fíxeno antes de tempo. Supoño que sempre tiven présa por vivir e por facer, é algo que nos ocorre a moitos orfos. Recibimos moi pronto a desagradable visita da morte e algo cambia den-tro de nós. Descubrimos a verdade e esa conciencia de que a fin está preto empúxanos cara adiante, convídanos a afrontar a vida dunha maneira temeraria, pensando que é mellor arriscarse agora que lamentarse logo e sabendo que agardar non trae nada bo, porque en realidade só hai unha cousa que realmente esperamos e é aquela que non que-remos que chegue.

A miña muller era increíble. Sei que a miña vida empezou antes de coñecela e sei, por desgraza, que terminará des-pois de despedila, pero para min aqueles anos e estes, só serán o prólogo e o epílogo da nosa historia, porque todo o que merece ser contado pa-sou con ela. Ela foi o meu todo e por iso non falarei máis dela, non quero facelo. Cando o fago atopo lagoas no meu relato, partes confusas que xa non recordo, pequenos ana-cos da miña vida que me roubou o tempo. Por iso prefiro lembrala así, como un todo inefable, como un raio de sol que non podes atrapar. Cando chegou a noite, trouxéron-me aquí. O meu raio apagouse unha tarde de outubro, despois de meses de loita. Eu es-taba con ela e creo que, xusto antes de marchar, sorriu e murmurou algo que non souben oír.

A miña familia vénme ver ás veces. Veñen os meus fillos porque se senten obriga-dos e veñen os meus netos porque lles obrigan. É a súa forma de desterrar da conciencia a culpa de non ter tempo para coidar de min. Pregúntanme como

Hugo Lozano Hermida | *O tempo e a ventá*

estou e aínda que lles respondo que estou ben, vexo a auténtica resposta nos seus ollos. Míranme con mágoa, cunha sombra de emoción na mirada. Venme coma un reloxo roto do que non se des-prenden porque, a pesares da súa inutilidade, aínda lle teñen cariño.

Eu sei montar e desmontar un reloxo, coñezo a función de cada engrenaxe do me-canismo e sei retirar e volver a colocar na orde correcta. É unha afección que herdei do meu tío Miguel e que intentei trasladar aos meus netos, pero non lles interesou. “Para que quero un reloxo se podó mirar a hora no móbil, avó”. Non ven a beleza que existe en deseñar e construír unha maquinaria tan complexa e precisa e que, con todo, cabe nun peto. Non entenden o que representa un reloxo, é un emblema do noso dominio sobre o tempo. Con el conseguimos atrapar unha forza da natureza, medila e coñecela intimamente; aínda que, por suposto, non conseguísemos detela. O reloxo lémbra-nos a inevitable derrota final na nosa persoal batalla contra o tempo. Ata hai pouco pensaba que un reloxo era a mellor lección e o mellor agasallo que lle podes dar a un fillo, pero fixeime ultimamente e ningún dos meus leva xa reloxo.

V

Sempre que fago algo extraordinario vén un médico. Case nunca é o mesmo médi-co, aínda que non estou seguro de se xa os coñecía ou é a primeira vez que os vexo. Esas cousas cóstame lembralas. É curioso como funciona a memoria, agora mesmo podería describir ata o último detalle do Xuízo Final de Miguel Anxo ou recitar os primeiros versos de El Diablo Mundo de Espronceda, pero non teño nin a máis remota idea de como se chama esa muller con bata branca que me di cantas pastillas debo tomar, nin sequera estou seguro de tela visto antes, aínda que pode que si, algo nela resúltame fa-miliar. Se cadra é a bata, todos levan a mesma. A miúdo esquecemos o poder que ten a aparencia. Seguro que cando esta moza conseguíu o seu título non lle explicaron que o que a faría médico no futuro non sería ese papel, senón a bata branca, do mesmo xeito que o uniforme fai ao soldado ou o há-bito ao monxe. Eu levei posta unha gravata desde que teño uso de razón. A miña muller elixíaa con esmero para que fosen sobrias e elegantes. Nunca me puxen unha gravata rechamante ou vistosa, pero tampouco saín xamais da casa sen ela. A miña gravata era unha maneira de explicar aos demais sen palabras quen era e como deberían tratarme. É a primeira e a última palabra da conversa xorda que se establece entre dúas persoas can-do se ven por primeira vez. Desde que estou aquí só deixan que me poña a gravata can-do asisto ao enterro dalgún outro preso. Din que é polo meu propio ben, pero supoño que en realidade teñen medo de que, se levo posta a miña gravata todos os días, nalgún momento lembre quen son e decida fuxir.

A doutora que me veu ver desta vez é bastante guapa. Ten os ollos claros e despe-xados e unha melena ondulada. Estame a preguntar unha chea de cousas, seguramente sexa porque levo uns cantos días falando en francés con todo o mundo coma se non me decatase. Na miña situación non quedan moitos pequenos praceres cos que gozar. Podo pasear polo patio e cheirar as estacións, contemplar os ollos claros dunha muller nova e desesperar aos meus carcereiros tanto como poida co meu comportamento errático. Co-mo calquera outro na miña situación intento non perder ningunha

Hugo Lozano Hermida | *O tempo e a ventá*

ocasión de deleitarme con algún destes praceres, especialmente o último, aínda que tamén me gusta perderme no azul intenso dun iris salpicado de manchiñas verdes e marróns e se para iso teño que falar un pouco de francés, c' est la vie.

VI

Coido que ata o de agora divaguei bastante sobre a natureza desta confesión, supoño que son cousas da idade. De feito, divaguei tanto que perdín o fío e xa non sei que estaba a contar...

Xa acordo, estaba a piques de confesar o meu plan de fuxida. Espero que non se in-terprete erroneamente a miña intención, cando falo de fuxir non me refiro a saír de aquí e correr sen rumbo un par de días ata que alguén me atope nunha gasoleira e me traia de volta, eu nunca lle faría iso aos meus fillos. Aínda que non queira estar aquí, moito menos quero ser unha carga nas súas vidas, un motivo de preocupación. Prefiro ser un traste vello gardado nun rocho esquecido, que unha mascota á que non sabes que facer-lle en vacacións. Cando falo de fuxir, falo de poñer punto e final a este epílogo, de dei-xar caer o rei.

Deseñeino todo coidadosamente. Aproveitarei a visita que a morte faga a algún ou-tro ancián para coarme de polisón na súa barca. Esperarei porque así poderei vestir de novo o meu traxe e a miña gravata, para min é importante recoñecerme no espello no derradeiro momento, sentirme eu mesmo, facer unha última concesión a esa vaidade que nos fai humanos. Darei corda ao meu reloxo de peto unha última vez en recoñecemento á miña derrota. O tempo seguirá adiante sen min, como seguiu adiante sen todos os de-mais, dá igual quen sexamos ou o importantes que nos consideremos, para el só somos follas arrastradas polo vento outonal e avanzará sen mirar atrás, sen dedicarnos sequera unha bucólica derradeira mirada.

Xa que non dispoño da miña fiel navalla, saltarei pola ventá. Poñerei fin ao meu soño eu mesmo, á miña maneira, como faría calquera outro inmortal, porque os inmor-tais morremos cando queremos. Pregúntome se a bandada de cartas que liberei no meu soño virá comigo neste derradeiro voo, se o último que cheirarei serán os ameneiros do patrio ou quizais o seu cheiro se mesture co do cabelo da miña nai. Pronto sairei de dú-bidas.

O único que me preocupa é esquecerme do meu plan antes de executalo, acabar os meus días a bordo do meu veleiro interior navegando cara ao horizonte da miña propia mente sobre un mar de saliva. Por iso o escribo aquí, entre unha chea de divagacións e parvadas senís que ninguén lerá ata o final, excepto eu, que non teño nada mellor que facer que ler e escribir, unha e outra vez, as mesmas historias: xampú de améndoas, na-vallas de afeitar, o meu tío Miguel, a gravata, o tempo e a ventá. Xampú de améndoas, navallas de afeitar, a gravata, o tempo e...

2º PREMIO

Cándido Paniagua Pousa

Xinzo de Limia (Ourense)

Nacín en Xinzo de Limia, terra chairega e de grandes lendas. Amante das letras desde pequecho, decidín estudar unha carreira humanística, rematando con premio extraordinario fin de carreira no grao de estudos de galego e castelán. Na actualidade vivo en Vigo e exerzo como profesor de ensino secundario, transmitíndolle ás novas xeracións a importancia da palabra para crear historias. Voraz lector, especialmente da novela negra, comezo a escribir na adolescencia ata converterse nunha actividade diaria na miña vida. Escribo novelas e relatos curtos, que devenen por saír á luz.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014–2015. Universidade de Vigo. Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria e Bacharelato. Especialidade: linguas y literaturas oficiais: castelán e galego.
- 2010–2014. Universidade de Vigo. Graduado en estudos de español e galego.
- Mención: Premio Extraordinario Fin de Carreira
- Mención: Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia 2014

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015–actualidade: Colexio Miralba. Vigo. Profesor de lingua e literatura galega.
- 2013–2014. Universidade de Vigo. Bolseiro en colaboración co Departamento de Filoloxía Galega (Ampliación do corpus do dicionario internacional Wordnet-Galnet).

O violín que tangué historias

I

Elisa chegaba tarde á cita. Entretívérase ultimando os seus complementos para o baile de Carnaval. Tiña claro o seu obxectivo: ninguén a recoñecería con aquela carauta tan adobiada e aquel traxe longo, que lle tapaba os pés, elaborado con elegante fío negro e grecas cor mel que escintilarían con moita intensidade coa luz artificial. O reloxo de péndulo que colgaba da parede do seu cuarto deu as doce en punto. Botou un pouco de colorete nas fazulas, colocou con moita delicadeza o chapeu e botouse ás rúas.

Ás carreiras, subiu a rúa da Campucha, esquivando, como boamente podía, os transeúntes que paseaban polo casco vello de Vigo. Continuou recto pola calella dos sombreiros, onde a ela lle gustaba deterse falando cos tendeiros e adquirindo novas xoias para a colección; porque para Elisa, os sombreiros eran o complemento máis fermoso que unha muller podía lucir. Seguiu pola rúa dos cesteiros, escoitando as ofertas do día, ata chegar á praza da Constitución. Estaba sen folgos xa, e aínda lle quedaba un bo treito ata chegar á estación de tren. Tomou aire, arregazou a saia e seguiu coa súa corrida.

Era martes de Entroido e a xente tiña gañas de troula. A cidade, acotío tristeira, dera paso a unha multitude de cores que enfeitizaban a quen respiraba un trisco do ambiente. Os cativos brincaban sen descanso, os adultos arremuiñábanse nos cafés e os músicos engalanaban a cidade coas súas notas e os seus agrúos fortes.

Exhausta, Elisa abesullaba a meta. Ascendeu con decisión a antiga rúa Baixada da Estación. Aínda non se afixera ao novo nome, e iso que unha placa de bronce anunciaba o seu bautismo como: Rúa Afonso XIII. Elisa lembraba con viveza a visita do Rei á cidade había uns anos. A xente enlouquecera. Trocarlle o nome á rúa fora unha gran homenaxe para o monarca, e máis cando se soubo que o motivo da visita fora para ter unha reunión privada co káiser Guillerme II, a bordo do seu iate, en augas da ría viguesa. Mais para ela, sempre sería a baixada da estación de tren.

O ástrago estaba concorrido por viaxeiros que facían camiños opostos. O lugar era partícipe das lágrimas de despedidas e dos sorrisos de chegadas, do decorrer de viaxes que levaban a destinos ignotos, de historias que estaban a piques de comezar, ou de rematar. A agulla do reloxo da fachada marcaba as e cuarto. Por un intre dubidou se a súa cita marchara. Quizais tiña asuntos máis importantes que atender, ou se cadra a súa muller o fora agardar e tivera que liscar, ou, talvez, se fartara de agardar e poñer en perigo a súa boa reputación por unha moza irresponsable que non era quen de chegar á hora.

Achegouse ata a plataforma. A bucina do tren de regreso con destino Madrid asustouna. Pasaxeiros ao tren, berrou un tripulante asomado á porta dun vagón. Elisa xirouse resignada e emprendeu o camiño de volta. Mais antes de saír viu un chapeu familiar, un agasallo que fixera ela non había tanto tempo. Alí o estaba, sentado nun banco, lendo un xornal que lle cubría o rostro. Disimulando.

- Xaime, desculpa a espera, pero entretívenme a preparar as cousas do baile e...- xustificouse Elisa con rostro anxelical.

Cándido Paniagua Pousa | O violín que tange historias

- Recorda que aquí son o señor Xardón – retrucoulle o fotógrafo-. Non te preocupes, sabes que non me ía ir sen verche eses fermosos ollos verdes.

Ela sorriu timidamente, encollendo as mans nun nobelo de dedos que non deixaban de bulir buscando acubillo. El non se distraeu e entregoulle o estoxo de coiro que trouxera da capital con moito coido.

- É un violín para que hoxe toques as notas máis fermosas que endexamais tangueras– díxolle iluminándoselle a mirada, gustáballe sorprendela.

- Pero Xai... señor Xardón, eu... eu... só quería o meu encargo – respondeulle ela briosa e con gañas de bicalo.

- É un violín que tange historias – aclaroulle, chiscándolle un ollo.

II

Todas agardaban con impaciencia a Elisa. Desta vez demorárase máis que de costume, porque sempre se enredaba nas silveiras do camiño. O grupo de mulleres da sociedade recreativo-filarmónica La Oliva dispuxeran o local para a súa xuntanza clandestina. Cada unha contribuía co que quería: café, té, algún licor, pastas, galletas e madalenas. Un antigo gramófono dourado reproducía Beautiful eyes da exitosa Ada Jones, dotando de aínda máis feminidade o ambiente.

Tres golpes na porta avisaron da súa chegada. Pasaron á sala principal e recluíronse no seu propio salón, aquel no que só entraban elas; os homes tíñano terminantemente prohibido. Os solteiros aínda o aceptaban, mais aos casados custáballes respectar aquel espazo e, sobre todo, aquel tempo no que as súas esposas estaban soas sen a súa presenza. Aquela gustosa estancia era o único sitio onde elas podían falar con liberdade, sen ter que ir aferradas ao brazo do seu marido.

- Conseguíchelo? – preguntou con presteza Amalia, a máis nova de todas.

Elisa non respondeu. Pousou o estoxo ao carón dos seus pés, quitou o abrigo de pel e colgouno xunto co do resto das compañeiras. Logo, con delicadeza, desfíxose do chapeu. Mirouse no espello e viuse bela. Brillábanlle as pupilas e o seu zarapelo sorriso delataba o bico roubado que conseguira antes de chegar ao baixo da sociedade, sito na rúa máis céntrica de Vigo, en Príncipe 61.

- Achegádevos aquí todas. Vamos! – as compañeiras acudiron impacientes á súa chamada. A intriga corroíaas por dentro.

Con tento, Elisa abriu o estoxo e del sacou un fermoso violín de caoba coas cordas tensas, mais febles, que vibraron cando os seus dedos as aloumiñaron. Colleu o corpo do instrumento e inspeccionouno. O peso delatou o segredo.

Unha das mulleres achegoulle unha coitela e buscando a ensamblaxe dividiu o violín en dúas partes. Todas se miraron abraiadas. Unha vez máis, conseguírao. No interior repousaba entre algodón un exemplar de Madame Bovary, traído, ás agochadas, da capital.

- Vaivos encantar! – confesoulles con viveza Elisa -. Quen o quere ler primeiro?

- Matilde, Matilde! – gritaron unhas cantas -. Que ela le moi rápido!

Cándido Paniagua Pousa | O violín que tange historias

- Non, non. Aínda non me recompuxen do de Ana Ozores. Preciso un tempo.

Riron á esgalla.

- Ti aínda vives como Rosalía, e todo o que sae da norma dáche medo, pero logo seguro que es como as protagonistas das novelas do Naturalismo – espetouille Amelia.

- E ti es como a Pardo Bazán, unha libertina – retrucouille.

- Eu vivo o momento, como che aconsello que fagas ti.

- Xa está ben! Ímolo ler todas á vez! – sentenciou Elisa -. Á noite agochareino no almacén do teatro, e logo, nos días de ensaio da banda, durante os descansos, lerémolo xuntas.

A reunión discorrera coma as anteriores. Risas e conversas que non podían ter á vista da sociedade do momento. Gustáballes ler e non calcetar, comentar grandes obras da literatura; pero aquilo, ata ese momento, era cousa de homes. Moitas, impulsadas polos azos que as historias lles daban, sentíanse coma un espírito libre, repetindo nas súas vidas aqueles patróns novelísticos que devecían experimentar e incluso superar.

- Estase facendo tarde e debemos prepararnos para a festa. Vémonos no teatro – dixo Rosa levantando a agulla do gramófono, dando por finalizada a xuntanza.

Elisa colleu o violín e agochou no seu refaixo a obra e marchou leda para á casa. Facer falcatruadas facíaa sentir coma unha nena pequecha. Mais non era polo violín, nin tan sequera pola novela, o motivo da súa engaiolante ollada: era a noite que lle agardaba.

III

A porta do teatro Rosalía de Castro estaba ateigada de xente disfrazada, irrecoñecible con aquelas carautas tan diferentes pero fermosas á vez. La Oliva crecera moito nos últimos anos. Fora impulsada pola sona dos seus membros, como o prócer Don Policarpo Sanz. Nin tan sequera as súas sobriñas fallaran ao evento. Elisa recoñeceunas, mais, tras un breve saúdo, escapuliuse cara ao interior do recinto. Xa no almacén, ateigado de pertenzas da agrupación, agochou ben a novela, xunto con outros títulos conseguidos por Xardón como La Regenta, Jane Eyre e a súa favorita: Wuthering Heights. A banda de música dera comezo ao baile. O violín de Elisa destacaba fronte ao resto dos instrumentos. Xaime recoñeceuna axiña. Saudouna alzándolle a copa, mais a viúva de Prósperi pronto o reprendeou. Sabía da súa aventura con ela, mais calara e non lle confesara nada a súa muller. Ela tamén tiña segredos que ocultar.

A festa fora todo un éxito e proba diso foi que se alongou ata altas horas da madrugada. Xaime, louco de amor, raptou a Elisa e pediulle que marcharan de alí. Ela non opuxo resistencia e coma lobos famentos, foron buscar alimento. Era case día e as carautas desapareceran. Só estaban eles. Fitándose cunha ardente inocencia fronte ao negocio de Xaime, La Foto. Entraron espreitando non ser vistos e os seus beizos, arrefriados polo alento frío do alba, buscaron calor. Elisa abesouraba o estudio, encantáballe estar alí, sentirse unha modelo consentida e posar para el. - Senta na cadeira baixo o foco – pediulle o fotógrafo-.

Cándido Paniagua Pousa | O violín que tange historias

Ela aceptou a proposta e sacou o seu mellor sorriso. Xaime fixo presión no botón da cámara e unha luz cegadora inmortalizouna, sendo infinita no tempo. Fixeron o amor devagar, con dozura, coma nunca. Non tiñan ganas de que rematase aquel momento e alongárono vendo o álbum das fotografías que Xaime lles facía aos clientes. - E este señor de gafas quen é? – preguntou Elisa con curiosidade. - Pois é Don Xosé García Barbón, un dos máis distinguidos empresarios da cidade – Xaime fixo unha pausa e parouse a ouvir o ruído que proviña de fóra -. Ti tamén escoitas as campás da Colexiata? Iso que soa non é a sirena dos bombeiros?

Cruzaron a rúa sen reparar no tranvía que case os atopela. Os ollos de Elisa apagáronse ao ver a fumareda que saía do teito do teatro. Xaime deu media volta para buscar a súa cámara e así inmortalizar aquela desgraza. A mirada dolosa da súa muller foi suficiente para saber que o descubrira e que lle esnaquizara o corazón. Elisa, nerviosa, saltou a barreira de seguridade que dispuxeran os bombeiros e mais a pequena frota da armada francesa que axudara a extinguir o incendio. Non o pensara dúas veces. Ela só quería salvar os libros que con tanto tino gardara e que o seu compracente Xaime Xardón lle conseguía.

O oito de febreiro de 1910 foi un día gris para a historia da cidade olívica e negro para o corazón de Elisa. Non lle importaran as queimaduras. Valera a pena arriscarse e salvar o seu sustento para seguir vivindo con liberdade. Madame Bovary sería unha boa compañía para a recuperación. O resto reducírase a cinzas.

3º PREMIO COMPARTIDO

Aarón Barreira Diz

Florderrei Vello, Vilardevós, Ourense.

De crianza estraña e vida pacífica, a miña pluma artéllase segundo a miña caótica relación persoal co mundo, sexa esta tranquila ou tormentosa. No medio desa exploración e curiosidade xorden obras que, moi de cando en vez, atopan ollos e mentes dispostas a lelas e, opcionalmente, aprecialas. É todo canto podo ofrecer. Así pois, miñas damas meus señores, agardo que gusten destas verbas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014-2018. USC. Santiago de Compostela. Graduado en Historia.
- 2017-2018. USC. Santiago de Compostela. Programa Mentoring.
- 2018. Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Líderes de Futuro.

Fame

Acompañada dun termo de café ben cargado, Aluit agardaba somnolenta a chegada do seu transporte. Unha lixeira néboa, xélida e húmida, cubría un ceo inda estrelado e coroado por unha lúa a piques de alcanzar o seu plenilunio. As sete da mañá, e inda o sol non dera bisos de querer conceder o seu calor a aquel lado do planeta ¿En qué momento lle parecería a alguén axeitado fixar a hora de Galicia en base a Madrid? Aluit seguía sen dar crédito, e cantos máis días pasaba erguéndose na madrugada para ir traballar, máis convencida estaba daquel pensamento. Un refoleo fíxoa tremer e envurullarse. Ata o seu corpo lle daba a razón.

Ao lonxe, perfilado vagamente na néboa, un auto de luces refulxentes dobrou a esquina e xirou na súa dirección. Con parsimonia e automatismo, Aluit sacou a chave remota do bolso e confirmou a súa posición premendo nun botón. O receptor do tellado do coche destellou en resposta e fixo aparcar o coche diante dela. De preto, aquel coche branco semellaba inda máis pequeno, e o seu receptor externo inda máis ridículo:

-Benvida ao seu vehículo persoal *Waymo Tetra* –recitou o altofalante mentres se abría a porta do piloto- O nivel de carga é do 21%. Dispón de 199,6 quilómetros de uso. Non ten ningunha ruta programada.

Aluit ignorou aquela diatriba e tentou abrir a porta traseira. O seguro impediullo:

-Recoméndase á condutora sentarse ao volante nas rutas en urbano –recordou a voz mentres facía resaltar coas luces interiores o asento do piloto-

-¿E quen carallo vai andar por esta estrada a estas horas? –berrou Aluit-

-O tráfico nesta estrada é –fixo unha breve pausa- Fluído.

Aluit sentiuse tentada a derramar o café sobre aquel trebello, pero o seu cansazo matinal evitouno. Ademais, aquel aparato do demo era propiedade da empresa. Un só raspuño e tería que conversar co seu xefe de sección.

-Execución manual de administrador. Abrir porta traseira dereita –suspirou esgotada-

Seguro e porta abríronse ao segundo cun pequeno renxido. Unha raxada de aire quente recibíuna e invitouna a entrar. Sen demora, Aluit deixou a súa bandoleira na alfombrilla, gardou o termo no pousavasos, deitouse na parte de atrás e puxo o cinto horizontal.

-Ir a. Destinos favoritos. Granxa-Matadoiro Parque do Lago –murmurou Aluit, arrolada polo calor da calefacción-

-Recibido –contestou o altofalante- Tempo estimado de viaxe, 17 minutos. Esta ruta ten tramos de acceso restrinxido ¿Desexa continuar?

Aluit arqueou as cellas. Outra vez fallaba a memoria caché.

-Aluit Báthory, empregada da Granxa-Matadoiro Parque do Lago pertencente ó Grupo Xenípbrom. Número de expediente, 1968.

-Autorización de tránsito confirmada. Iniciando traxecto.

Suavemente, o coche incorporouse á estrada. Mentres o sono acudía novamente, Aluit escoitou ao lonxe o imponente tanxido das campas da catedral de Santiago de Compostela. Estaban a dar o primeiro cuarto.

Ataviada co seu traxe sanitario branco coma a neve, Aluit entrou á frenética cadea de despezamento. Colgados dos garfos, como se de grilandas se trataran, varios corpos de *soteres* desprazábanse a altas velocidades. Os traballadores,

Aarón Barreira Diz | *Fame*

prestos por igual, afanábanse en cumprir ca súa labor. En apenas minutos, un só corpo era eviscerado, lavado, chamuscado e cortado en grandes anacos de carne cunha eficiencia e sincronización digna do máis custoso reloxo suízo. En paralelo, varios membros de hixiene e limpeza dedicábanse a substituír e esterilizar bandexas, ferramentas, pezas das máquinas e lavar o sangue e outros restos cun chorro de auga a presión.

Por enriba daquela cacofonía de xente e maquinaria, dende unha pasarela exclusiva do seu uso, os supervisores dos distintos grupos paseábanse orgullosos cas súas carpetas e informes baixo o brazo. Os seus lapis, tan afiados coma a súa ambición, suplicaban por unha infracción que os denotase como membros activos e valiosos da empresa. Aluit coñecía a algúns deles, e no trato eran agradables sempre que non estiveran traballando. Non era para menos, calquera problema que xurdira na súa sección podía custarlles o posto, especialmente se o asunto se puido evitar cun pouco máis de atención.

-¡Aluit! ¡Suba aquí!

Sobresaltada, Aluit fixouse en Pantú, o seu xefe. O empresario chino, xa entrado en anos pero cun aspecto xuvenil que aínda faría as delicias dalgunha muller nova, saudábaa dende a pasarela de supervisión. Era un home tan amable como rigoroso no traballo, moi afastado do estereotipo tímido e reservado do seu país de orixe. Tanto era así, que en ocasións se lle insinuara a pesar de estar casado e con tres fillos. Unha incomodidade ca que tiña que lidar, a pesar das lexislacións vixentes a nivel laboral.

-¿Aluit? ¡Venga! ¡Suba aquí! –repetiu, cun español aínda torpe, o empresario-

A paso lixeiro, Aluit subiu por unha das escaleiras de emerxencia e plantouse diante do asiático. O home, envolto nun traxe case tan valioso como calquera das máquinas da planta, agarrouna polos ombros e sorriulle.

-¡Buenos días señorita Aluit! –berrou a viva e efusiva voz- ¡Un placer verla esta mañana! Tan guapa como siempre..

-¿Guapa? –respondeu esbozando un tímido sorriso- Se estou co traxe de faena.

-*No importa Aluit, tú siempre estás guapa. La belleza natural no puede estropearse con estas tonterías* –dixo mentres apertaba entre os dedos a tela do traxe sanitario que rodeaba o seu pescozo-

Aluit, incómoda ante aquela invasión ao seu espazo persoal, finxiu axustar unha manga para liberarse daquela presa e poñer uns centímetros de separación entre eles dous.

-Dígame señor Pantú, -comentou casual mentres seguía axustando a outra manga con finxido rigor- ¿A qué debemos o honor da súa visita?

O empresario, estrañado polos seus xestos, recuperou o sorriso e contestou misterioso:

-*Vengo a investigar irregularidades en esta factoría. Según parece aquí se incumplen sistemáticamente los kilogramos fijados para la producción mensual.*

Coma se fose un resorte de bésta, Aluit envarouse ante aquelas palabras. O pulso aceleróuselle e no peito notou unha presión repentina.

-¿Que se incumplen di? –preguntou finxindo incredulidade- ¿Está vostede seguro?

-*Segurísimo. Al menos tres meses ha sucedido. ¿Sabe algo al respecto? ¿Algún empleado que salga con paquetes, bolsas o cajas?*

-Síntoo señor Pantú, pero non vin nada sospeitoso. Tamén paso todo o día entre os animais. A cadea só a vexo cando vou cara o meu posto -encolleuse de ombros- De todas formas... ¿Quén queredo levar á casa carne de soterres se non se pode comer? É inútil para nós.

Aarón Barreira Diz | *Fame*

O empresario fixo desaparecer o seu sorriso e adquiriu unha seriedade repentina, aquela que amosaba nos momentos de importancia ou cando había que aplicar correctivos.

-Nuestro deber como empresa es garantizar los cargamentos de carne a nuestros clientes, señorita Aluit –proclamou sen apenas deterse a respirar- Y solo espero que se cumpla.

Un breve pero elocuente silencio interpúxose entre os dous. Non había sospeita nin acusación na mirada do asiático, pero dende logo que atravesaba carne e pensamento coma se fose unha precisa agulla. Aluit, ansiosa por romper aquel ambiente opresivo, só puido engadir.

-Moi ben, sendo así estarei atenta, por se vexo algo sospeitoso. Ao mellor só temos ratos.

Pantú recuperou o sorriso, inda que por momentos pareceuse forzado. Apoiou a súa man dereita na varanda e mirou distraído o ir e vir dos traballadores da planta. O problema tiña realmente preocupado.

-Ojalá sea eso –musitou- Porque no entiendo que alguien arriesgue tanto la existencia de nuestra especie.

-A saber. Como di o refrán: “Hai de todo coma en botica”.

-Eso es verdad. En fin señorita Aluit, un placer como siempre –pousoulle a man dereita no ombro-. Tengo que marcharme. Otro día la invitaré a un café con calma.

-Moitas grazas señor Pantú –contestou cun sorriso algo forzado-

O home asentiu e afastouse en dirección ó despacho do supervisor xeral. Aluit, respirou profundamente un par de veces mentres o vía marchar. Entrecortábaselle o alento e notaba as tempas palpitar. Un inusitado calor subiulle dende os pés á cabeza a pesar da refrixeración daquela sala. Aquilo tiña moi mala pinta.

-¡Vamos! ¡Pase para dentro!

Aluit empregou o aguillón eléctrico nunha sotere femia. Esta, cun ouveo miserento, apartou ca man o aguillón e incorporouse de novo a fileira. Era unha femia pequena, de apenas catro anos, e o seu vello corporal inda non a protexía das descargas. Non importaba, pronto deixaría de sufrir.

-¡Veña! ¡Quietíños aí!

O rabaño detívose diante da cancela. O límite sur do perímetro, o outro lado esperaba a cinta transportadora e a cámara de sacrificio.

-¡Abride as portas!

A cancela deslizouse sobre o raíl e deixou libre o paso. Dous encargados, ambos os dous armados tamén dun aguillón eléctrico, asomaron pola apertura. Un deles empezou a dirixir o rabaño cara fóra, o outro achegouse a Aluit.

-Xa nos encargamos nós dende aquí Ali. Se queres podes marchar para a casa.

-Graciñas Shill. Non te reconecera ca máscara -contestou Aluit mentres lle entregaba o informe cos animais a sacrificar-.

-Nada filla, tranquila, se só foras ti... –comentou entre risadas-

-Pois se che parece, vou aproveitar para facer unha última análise ao penso dos comedeiros. Esa sotere pequena de aí –sinalouna ca carpeta mentres entraba pola cinta tamén comeu algo raro e está a piques de morrer. Teño que descubrir o que foi. Aproveitádea mentres poidades.

Aarón Barreira Diz | *Fame*

-Como ti digas –Shill puxo os brazos en xerra-, pero máis che vale que o atopas rapidiño. Levamos xa unha tempada sacrificando crías, -un sotere macho ouleou ao recibir unha descarga- e como sigamos así imos quedar sen adultos para os próximos anos.

-Xa o sei Shill, xa o sei ¿Pero qué queres que lle faga? Por moito que cambio pensos, composición das vacinas e dieta seguen enfermado –alzou os brazos- Estou desesperada xa.

-Veña veña, respira un pouco muller. Vai facer as análises esas, a ver se desta volta hai sorte. Logo se queres tomámoslle un algo.

-Gracias Shill, déixovos traballar.

Aluit desfixo o camiño cara os cortellos. O sol xa esmorecía polo oeste, e no lago do recinto debuxábanse cores alaranxadas e avermelladas. Na súa auga inda choupaban algúns soteres, especialmente as crías gustaban moito diso. Na beira, os adultos dedicábanse a limpase os uns os outros ou a intercambiar xestos e sons inintelixibles. Aqueles humanoides seguían fascinando coma o primeiro día. Sempre se creu que serían os dinosauros ou os mamuts os que regresarían do pasado, e sen embargo, o medo e o instinto de supervivencia elixira pola humanidade.

Aluit sacudiu aquel pensamento da súa cabeza e internouse nunha espesura próxima. Alí, encolleita e comida pola sucidade, unha sotere femia afanábase nos restos de comida que Aluit deixara agachados para ela nunha xesta. O ruído fixo que se volvera cos ollos exorbitados, pero en canto a recoñeceu tranquilizouse e volveu á súa comida.

-¿Cómo estás hoxe Eva? –preguntou Aluit con suma delicadeza-

-Ben –tartamudeou a sotere- ¿Cómo estar filla?

Acudiulle á mente a imaxe daquela pequena sotere entrando na cámara de sacrificio. Unha punzada de culpabilidade atravesouna de medio a medio. Tivo que facelo, tiña que cumprir ca cota, estaba prohibido sacrificar ós adultos con crías, e menos as mulleres leiteiras. ¡Tivo que facelo!

-Está ben –contestou Aluit cun nó na garganta- A túa filla está ben.

-¿Cando poder ver?

-Inda non Eva. Se te ven faranche dano, e non queremos iso ¿Certo?

-Si. Non querer morrer –concluía a sotere-

-Así me gusta –Aluit sacou do peto unhas tarxetas plastificadas- Imos facer entonces outro exercicio ¿Paréceche ben Eva?

A sotere asentiu lentamente, coma quen acepta unha sentenza que sabe é inevitable. Aluit sentía mágoa pola situación de aquela pobre criatura. A única da súa especie coñecedora do verdadeiro final dos seus e de si mesma –se a chegaban a descubrir-. Como paleoveterinaria nunha creu que puidera empatizar cun deses seres. Nos libros de texto, nas fotografías, nas gravacións... En todos os soportes posibles só semellaban descerebradas versións do ser humano anatomicamente moderno. Sempre eran presentados e explicados como meros produtos xenéticos, pura artificialidade. Meras dexeneracións destinadas a ser consumidas polas criaturas transgalácticas que, unha vez xa fai moito tempo, ameazaran con devorar a raza humana. Non eran homínidos, non eran resurreccións dos nosos devanceiros; eran cousas.

E con todo, naqueles ollos azules e aquel corpo deformado pola vida salvaxe e silvestre, tiña a completa seguridade de recoñecer, inda que esvaecida e feble como una faísca dunha lareira consumida, os vestixios dunha humanidade latente.

Aarón Barreira Diz | *Fame*

Tiña que protexer aquel exemplar único. Protexelo e usalo como proba. Demostrarlle ao mundo enteiro o Mal que se estaba facendo entre aquelas paredes, para que eles puideses sobrevivir un día máis sen seren devorados.

A lúa alcanzara o seu plenilunio. O ceo, limpo de estrelas pola contaminación lumínica de Santiago de Compostela, convertía ao satélite nun ollo omnipresente, sabedor de todo o que ocorría baixo a súa atenta mirada.

Aluit, xa vestida ca súa roupa de rúa, dirixíase ao seu coche. Fora un día largo, e as leccións alongábanse máis do debido. Devecía por unha boa ducha e un sono reparador... Ou tal vez só afastarse o máis posible do Gaiás. Despexar a cabeza e meditar a súa situación con perspectiva. Abriu o coche e sentouse no asento do piloto. Conducir escoitando a radio distraeríaa un pouco.

-*Waymo*, arranque e control manual –ordenou mentres poñía o cinto-

O altofalante só respondeu cun largo silencio.

-¿*Waymo*? ¡Arranque e control manual! –insistiu Aluit molesta-

Unha repentina luz dunha lanterna cegouna dende o outro lado do parabrisas. Segundos despois, media ducia de luces sumáronse trazando un círculo arredor do coche.

-Aluit Báthory, -chamou unha voz dende o exterior- Queda detida por roubo e sabotaxe de produto ó Grupo Xenípbrom. Saia do seu vehículo cas mans en alto.

Asustada, Aluit obedeceu sen presentar resistencia. No seu arredor, varios axentes da policía apuntábanlle ameazantes. Un deles, con cautela, achegouse e púxolle as esposas. Só entón se relaxaron os demais.

-Obxectivo arrestado –declarou o axente que a esposara- Xa se pode achegar.

De entre o corro asomou o señor Pantú. No seu rostro adiviñábanse varios sentimentos... A rabia, a tristeza ou a decepción. Aluit non sabía dicir cal deles era o predominante.

-*Gracias agentes por su trabajo. Ya nos ocupamos nosotros.*

O grupo disolveuse e só quedaron o señor Pantú e os gardas de seguridade da granxa.

-¿*Por qué señorita Aluit? ¿Por qué?* –esixiu o asiático negando ca cabeza-

Aluit titubeou por un momento, pero pronto desenterrou a resposta que necesitaba.

-Porque a tal grado de perversidade chegamos, que convertemos aos nosos en sacrificios.

O empresario cruzouse de brazos e apartou a vista dela. Con lentitude, dilapidou a conversación.

-*Es nuestro deber como empresa garantizar que ningún humano sea alimento para esos alienígenas. Si usted insiste en condenarnos, se le tratará como lo que es. Una traidora. Lléváosla* –fixo un xesto e dirixiuse ao seu coche- *Mañana que sea procesada y enviada en el carguero con el resto de productos.*

A lúa, testemuña silenciosa daqueles acontecementos, apartou a súa ollada e deixouse cubrir por unha nube. Non quixo saber máis da humanidade por aquela noite.

3º PREMIO COMPARTIDO



Nerea Pallares Vilar

Lugo

Escritora, xornalista e investigadora. *A traxicomedia do cotián coma expresión metafísica no espazo escénico: Yasmina Reza e Roy Andersson* é a miña tese na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona.

Como escritora, fun membro da Fundación Gala para Novos Creadores, residente na editora Axóuxere, escribín *Sidecar* (Ed. Oblicuas, 2015) e obtiven recoñecemento literario en certames como o II Premio Internacional de Conto *Las Dalías* ou o I Certame Internacional MadWomenFest de Relato. As miñas obras viron a luz en revistas literarias como *Granta*, *Culturamas* ou *La gran belleza*.

FORMACIÓN ACADÉMICA

↳ 2015-Actualidade. Universitat Pompeu Fabra (UPF). Barcelona. Doutora en Humanidades.

EXPERIENCIA LABORAL

↳ 2017-Actualidade. TALKK Escola de oratoria. A Coruña.

A cidade cardinal

Tomaba viño tinto e observaba como pasaba o tren. Escribía sobre que tomaba viño tinto e observaba como pasaba o tren. Iso é todo o que lembro antes da explosión. O seguinte xa foi limpar os incisivos coa lingua notando o gusto metálico do sangue. E nin sequera estaba na cociña. Xa non había cociña. O escenario era esta mesma estrada sen coches, feita de grava e outras pedras que non lle pertencen.

Non hai familias. Non hai árbores. Non hai casas. Supoño que sigo na miña cidade pero non a recoñezo. En calquera caso, tampouco a lembro. *Tes que chegar a tempo.* Todo é terracota, gris, ás veces celeste; depende do reflexo deste ceo sen matices co que parece que tampouco se atreven as nubes. Vexo restos metálicos, tella e formigón, adoptando unha silueta distinta á dos obxectos que foron. Regresamos á esencia dos materiais porque todo foi destruído. Ou quizais estase a facer de novo, doutra forma; imposible saber se é este o final ou o inicio e onde está o cicel. A cada pouco miro as mans, accións nun xesto familiar que me confirma que isto vai en serio. *Mentres poidas abrir e pechar as mans significa que podes avanzar: faino cada dous minutos.* O que: avanzar ou mirar as miñas mans? Anoto no caderno: da ordes máis claras. Hai tanto eco que me aterra camiñar por se alguén escoita os meus pasos, aínda que dubido de que aínda haxa alguén aquí. O que está claro é que, de habelo, sentiríame seguro. Angústiome e consulto as follas rescatadas do caderno: *non hai ninguén, estás soa.* Non sei se é verdade o que escribín ou se o escribín só para tranquilizarme, pero igualmente me tranquiliza e continuo. É esgotador atravesar a pé este esqueleto dunha enorme urbe pensada só para os vehículos e teño sede. Ao meu redor todo é horizonte: non lembro ter visto nunca un páramo tan inmensamente aberto. *Non lembrás nada.* Os escombros amoreados esbozan, quizais, fogares antigos, oficinas postais, pero non me demoro demasiado nos detalles porque as miñas notas son claras ao respecto: *non hai tempo para pensar no pasado.* Aquí, onde queira que sexa aquí, só se vive en presente continuo e avanzo. A onde non o sei, pero sigo coa esperanza de chegar a algún lugar onde sobrevivan construcións nas que ocultarme e quizais beber auga. Agora mesmo esas dúas expectativas son o suficientemente atractivas como para manterme en marcha, abrindo e pechando as miñas mans cada dous minutos, coa sensación de dirixirme cara unha gran boca aberta, a ritmo acompasado neste gran movemento peristáltico. *Tes que chegar a ela.* Pero que ou quen é ela?

Síntome asexada a pesar de que a vista tan só me devolve un cemiterio en quietude intacta. E é que o terror é unha paisaxe interior. Quebrantadas as sinais nos cruces de camiños, ao meu paso xa todo é periferia. Os buratos de cemento, os restos apagados do neon dunha farmacia, os cables tendidos no piso coma unha serpe morta: todo parece rodear un centro aínda moi alleo. Incluso o aire está tan detido que observar as ruínas é contemplar a súa postal. De todos os xeitos, non me quito esta sensación de inminencia, de que algo está a piques de acontecer e de que alguén, dende algunha parte, vivía.

Quixera correr pero véncenme o cansazo e as feridas. Reviseime? Debería de facer un inventario de danos persoais. Quizais xa o fixen. Consulto unha vez máis as follas queimadas do que queda de caderno; trémeme tanto as mans que se me fai difícil ordenalas. Efectivamente, aí está: *catro dentes rotos, ao tacto parece que tres moas e un cabeiro (posiblemente recibiches un impacto pola esquerda); revisa a vendaxe da coxa, corte duns tres centímetros; a ferida do cóbado dereito*

Nerea Pallares Vilar | *A cidade cardinal*

é superficial. Por enriba de todo, non te rendas. Palpo a camisa atada á miña perna: o sangue xa seco. Escribo: *non hai problema.* E inmediatamente pregúntome por que razón perdo o tempo anotando parvadas circunstanciais, que poden variar dun instante a outro. *Non podes recordar o que non escribes.* Respóndome ao ler o meu caderno e, baixo a frase que acabo de descubrir, engado: *O que non escribes, non existe. Escribe con máis frecuencia.* A continuación, abro e pecho as mans; sigue ruta. Introdúzome no naufraxio de asfalto apartando os cascotes máis lixeiros coa miña perna boa e, de pronto, descubro no barro do camiño que empezo, unhas pisadas que foron xa na dirección que eu debo tomar agora. Xéanseme as xemas dos dedos. Aquí hai alguén que me leva vantaxe.

Non fixen ningunha referencia a isto no caderno? Reviso as follas con violencia, tanta que estou a piques de rompelas; nada en ningures, serei estúpida, por facerme caso en todas estas frases entrecortadas polo lume diríxome xusto a pórme en perigo, pois claro! Todo isto do caderno é un delirio, sería preferible o pensamento automático, debería de guiarme só por impulso, puro instinto, obviar toda esta memoria fragmentada. E estou a punto de facer de todas estas follas unha gran bola ata que topo unha nova frase que me inquieta: *para cando chegues, ti xa estarás alí.* Agora si que estou desconcertada e as chamuscas comeron o resto. Por un instante penso en dar media volta, sedúceme a idea de regresar, ata que me decato de que non existe o retorno cando xa non hai orixe. *Aínda que non entendas o que sucede, simplemente continúa.* Resígnome: abro, pecho, sigo.

Por fin, ao lonxe, comezo a albiscar o que intúo coma un edificio. Quizais haxa auga. O padal pastoso celebra a posibilidade e axilizo o paso todo canto me permite a perna ferida. Nunha das fiestras, hai luz: é o máis parecido que vin á vida en moito tempo.

Rodeado de dunas de xeso e cinza, ao outro lado das vías do tren, o bloque iluminado é a única liña vertical desta paisaxe durminte. Aquí, onde os ladrillos cromados improvísanse coma insólitas vigas que sosteñen os restos da erosión; onde os semáforos caídos xa non conceden quendas e as táboas de madeira esvaécense ao paso deixando un aspecto de obra inacabada, orixínase esta cidade nacente que habito a cada paso sen lembrar o anterior, feita de novas suturas e sen que ninguén a pense. A cidade estática é só estada. Pero aquí hai pegadas recentes. Quen queira que sexa, veu antes ca min. Acaba de chegar. *Acabas de chegar.* Onde está? Examino as marcas do terreo e comprobo que son idénticas ás miñas; o mesmo debuxo das miñas solas. Son as túas pisadas. Estiven aquí antes e non o lembro? No caderno non atopo máis que unha indicación: *vai á fiestra.* Aínda que por momento as miñas propias ordes resultenme temerarias, obedézoas a falta dunha mellor opción; despois de todo, neste lugar non existen instrucións e prefiro o movemento á espera.

Sobresáltome cando me aproximo ao peitoril e descubro a unha persoa no interior da casa. Está sentada de costas ás ventás, por sorte non me viu, parece concentrada nalgunha tarefa. É increíble que a súa cociña permanecera intacta: hai pratos amontoados no lavalouzas, pan cortado no mármore, migas, un vaso mediado de tinto, coxíns tapizados sobre as cadeiras de madeira e un mantel. E ela tan inmensamente allea. Non sei se é consciente do que sucede fóra. Imposible dirimir se é isto un búnker ou unha milagre, só vexo que come algo e escribe nun caderno, tan estraña e en cambio... non. *Es ti.* Son eu? Vólvese, véxome a min mesma na miña cociña; vexo que non estou ferida e parezo tranquila, lévántome para servir máis viño. Vexo como busco un novo bolígrafo para seguir escribindo no meu caderno, esta libreta

Nerea Pallares Vilar | *A cidade cardinal*

que está aí, no interior da cociña, impoluta e, non obstante, aquí, na miña man, non é máis ca triscos. Como é posible todo isto?, busco agora no meu caderno unha frase máis necesaria que calquera consolo pero só atopo unha advertencia ambigua: *rápido, xa non che queda tempo, estás a piques de facelo*. A quen non lle queda tempo, a cal de nós as dúas? Que se supón que estou a piques de facer agora? E mentres dubido de se debería tocar a fiestra e advertirme deste desdoubramento ou se pola contra iso sería un grave erro, escoito un ruído que me conxela. Hai alguén máis rodeando o edificio que corre cara a porta e asisto horrorizada a como a silueta enigmática inicia un lume. Vexo que o meu eu da cociña tamén acaba de percibir algo aí fóra. Aquí fora. E agora avanza cara ao peitoril. Agora eu corro dende o interior á ventá dende a que me miro e cando a alcanzo atopámonos os ollos, a un e a outro lado do cristal. Acciono as miñas mans unha vez máis, non remato de crer que esta situación sexa real pero ela bérrame, abre! *Ábrelle!* Mentres ás súas costas as lapas iluminan con violencia a cociña, trata de desbloquear a fiestra e non pode. *Tes que salvala da outra parte*. De que outra parte? Abre, abre! Bérrome dende dentro pero vexo que a sombra misteriosa corre cara aquí e teño medo. Ocúltome detrás dun saínte macizo desta selva de pedra e consigo que a figura pase de largo sen descubirme. Chámame a atención o seu trote descontinuo: decátome de que ten un torniquete nunha perna. A ferida non a detén sen embargo: a ferida non nos detén. E entón comprendoo, acábome de recoñecer na nosa fuxida. Antes da súa escapatoria, podo adiviñar como dubidou, misto en man, cal das dúas opcións daquel xesto primixenio. E é que toda fundación implica un risco; pero entre abrir ou pechar preferiu o primeiro.

A cidade sobrevivida non soporta a memoria, para significar de novo necesita que a deixen ser só comezo. Entón levántome, continuando a senda que iniciéi fuxitiva, estreando un novo mapa a cada paso entre a ruína que falece e resucita en idéntico instante. E déixome morrer ás miñas costas. *Se non o anotas, non o lembrarás*. E cando detrás de min sona por fin a explosión, tiro o bolígrafo nun xesto que soamente pode ser inaugural.

Ao fin e o cabo, por estas vías xa non pasa o tren.



**XUVENTIINE
2018
CREA**

MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE SKATE

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

César López Vázquez

David Quintela Martínez

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

Secretario

Eduardo Vázquez Sánchez





1º PREMIO

Juan Cea Aguiar

A Coruña

Ola! Chámome Juan Cea Aguiar e vivo en Sada, un pobo preto da cidade da Coruña lugar onde nacín.

Comecei os meus estudos no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte no ano 2013 na Universidade da Coruña e remateinos hai dous anos, no 2017. Debido a que o meu desexo para o meu futuro laboral é ser profesor de educación física, a finais dese ano cursei o Mestrado Universitario de Profesor de Educación Secundaria na Universidade da Coruña, rematándoo en xuño de 2018. Actualmente, atópome facendo as oposicións para profesor de Educación Física.

A miña afección principal e o skate, deporte que practico desde os 12 anos. Esta é a actividade que ocupa a maioría do meu tempo libre, xunto con quedar cos meus amigos e viaxar. O resto do meu tempo dedícoo a estudar as oposicións xa que non son tarefa fácil!

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2017. Universidade da Coruña. Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- 2017-2018. Universidade da Coruña. Mestrado Universitario de Profesor de Educación Secundaria.
- 2018-Actualidade. Academia NÓS. Oposicións para profesor de Educación Física.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017. El Corte Inglés. Campaña de Nadal. A Coruña
- 2018-2019. Ezen Salud y Rendimiento. Adestrador persoal. Narón



Vídeo de skate



2º PREMIO

Álvaro Mondragón Sampedro

A Coruña

O meu nome é Álvaro Mondragón , son da Coruña, teño 22 anos e levo patinando sobre os 10 anos.

Fnk REPRESENT!!!

FORMACIÓN ACADÉMICA

↳ ESO 2009-2015 Eusebio da Guarda. CPI Toural

EXPERIENCIA PROFESIONAL

↳ 1017-2018 Voluntariado europeo, Suecia, en centros de inmigrantes



Skate clip. Coruña



3º PREMIO

Roberto Fernández Molanes

Vigo



Synthwave skate Vigo city

**XUVENTINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE TEATRO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Manuel Guede Oliva

Camilo Franco Iglesias

Antonio Vázquez Turnes

Secretaria

Ángela Fernández Rey



1º PREMIO



Asociación Palimoco Teatro Grupo Palimoquiños

Setembro 2011

A asociación Palimoco Teatro nace como Asociación e teatro afeccionado no ano 2000, aínda que a súa actividade comece en 1998. Palimoco colabora activamente na vida cultural de Lugo ata que en xaneiro de 2008 convértese en compañía profesional, formada por seis persoas. Paloma Lugilde é a súa directora desde o nacemento da compañía. Ela, ademais coordina desde o ano 2000.

Palimoco preocúpase tamén polo intercambio escolar no ámbito das artes escénicas, creando e coordinando as Xornadas de Artes Escénicas Fingoi, que existiron do 2000 a 2011.

O grupo Palimoquiños está formado por rapaces e rapazas de entre 12 e 20 anos que se reúnen un día a semana, normalmente sábados de 9:00 a 12:00 h. Dáse moita importancia ao entrenamento físico, o estudo das accións físicas e a creación e investigación. Fan moitas intervencións de rúa ao longo do ano, moitas delas con fins sociais. Traballan desde o verso clásico (Zorrilla, Calderón) a textos máis contemporáneos (Mayorga, Sarah Kane, Lorca). Teñen moita relación coa Compañía de Teatro Down Lugo.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 2015-2016. *Km 526*. Estrea en Lugo (despois levouse a Cervo, Caurel). Participan en *Cartografía en movemento*, setembro 2016. Fan intervencións na rúa polo Entroido, participan en *Letra Viva*.
- 2016-2017. *Borralliña*. (Estreou o 24/09/2017). (Levouse a Lugo, Portomarín, Muras, Outeiro de Rei, Lourenza, Sarria).
Fan intervencións polo entroido, na campaña de Amnistía Internacional *Eu acollo*, participan en *Letra viva*. Tamén levan a cabo *Antígona vive* ao redor da muralla. Participan en *Cartografía en movemento* e no programa da Escola Palimoco Teatro Danza con *Quen ocupa esa cadeira*.
- 2017- 2018. *Así que pasen 5 anos* (3 de xuño de 2018, Gustavo Freire Lugo). Foi a Serra de Outes. Fan intervencións polo Entroido, participan en *Letra viva* e *Cartografía en movemento*. Tamén levan a cabo *Antígona vive* ao redor da muralla e participan nos programas da Escola Palimoco Teatro Danza con *Quen ocupa esa cadeira* e *Don Juan Tenorio* no cemiterio de San Froilán.
- 2018- 2019. Fan intervencións polo Entroido, participaron en *Letra viva* e *Cartografía en movemento*. Participan nos programas da Escola Palimoco Teatro Danza con *Quen ocupa esa cadeira* e *Don Juan Tenorio* no cemiterio de San Froilán. Semana da Danza. Performance *Vermellas* no vello cárcere. Performance *Os ananos da tenrura* en Nadal, Performance *A violación*.



Así que pasen cinco años

2º PREMIO



Trémola Teatro

Decembro 2017

Nós, Paula Regueiro (Ferrol 1994) e Lucía L. Golán (A Coruña 1994) coñecímonos na ESAD de Galicia, lugar onde ambas as dúas perseguíamos o noso soño, ser actrices.

Despois da nosa formación, e de mudarnos a Madrid, decidimos emprender este proxecto xuntas, Trémola Teatro.

Desde que nos coñecemos, coincidimos no feito de empregar o teatro como ferramenta educativa e foi ese o noso incentivo para formar Trémola.

Partimos da base de ser actrices-creadoras dos nosos espectáculos. Xa forman parte da nosa canteira *Se pechas os ollos*, *Quen son?*, *Valente e Rebelde*, *En busca dos monstros*, *Unha tradición diferente* e *Mulier* e microteatros como *San Valentín de mi Corazón* e *Déjame ser tu Gymsis*.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- ↘ *Unha tradición diferente*. Decembro 2017 e Decembro 2018 (espectáculo de Nadal) Sala Azarte
- ↘ *San Valentín de mi corazón*. Febreiro-outubro 2018. Diferentes espazos.
- ↘ *En busca dos monstros*. Xuño 2018–actualidade. Diferentes espazos
- ↘ *Déjame ser tu Gymsis*. Xuño-outubro 2018. Diferentes espazos
- ↘ *Quen son?* Novembro 2018–actualidade. Diferentes espazos
- ↘ *Se pechas os ollos*. Novembro 2018–actualidade. Diferentes Espazos
- ↘ *Valente e Rebelde*. Marzo 2019. Microteatro por Dinero
- ↘ *Mulier* non estreado



Se pechas os ollos

3º PREMIO COMPARTIDO



Teatro do Improvisto

Outubro de 1994

Nacemos trala organización dun taller de teatro en colaboración coa Deputación da Coruña, en outubro de 1994. Como colofón do curso represéntase *Así é se vos parece*, de Luigi Pirandello, baixo a dirección de Santiago Nieto.

Actualmente, o grupo está formado por Antón Vidal, Manuel Laiño, Amroth, Rosa Saavedra, Alba Dieste. Sheila Dopazo e Gustavo G. Dieste como director.

Fai só un ano que nos fixemos asociación, aínda que o noso percorrido foi moito máis longo do que parece, con moita xente entrando e saíndo que nos marcou e nos fixo ser quen somos e quen seremos mañá. Amigos do bo humor, tamén sabemos sacar un par de bágoas e deleitarvos cos mellores recordos, porque o que nos forma son as vivencias e o apoio que aínda perdura nos nosos compañeiros e compañeiras.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- ↘ *P.O.E. (Personaxes obrigados a entenderse)*, escrita e dirixida por Gustavo G. Dieste no 2016. Representada nos concellos de Boiro, Pobra, Rianxo e Lousame.
- ↘ *Gretel*, escrita e dirixida por Gustavo G. Dieste no 2017. Representada nos concellos de Boiro, Rianxo, Lousame e Serra de Outes.
- ↘ *A memoria das rosas*, escrita e dirixida por Gustavo G. Dieste no 2018. Representada nos concellos de Boiro, Rianxo, Caranza (Ferrol) e Aguiño (Ribeira).



Gretel



3º PREMIO COMPARTIDO

Lobishomes

Outubro de 2014

A compañía teatral *Lobishomes teatro* nace a comezos do curso escolar 2014-2015 por iniciativa dun grupo de rapaces e rapazas recentemente incorporados á universidade compostelá aos que se foron engadindo outros estudantes da USC.

Xuntámonos co obxectivo principal de introducirmos no panorama teatral universitario, comezando con adaptacións de textos do pasado século para, a partir do curso 2016/2017 facer unicamente producións propias. O noso traballo de pescuda céntrase nas novas linguaxes enfocadas desde o traballo de colaboración.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 19/03/2016. Representación da obra *Crime... ou privilexio*, no CC Parc Sandaru durante o Mutis VII de Barcelona.
- 25/04/2016. Representación da obra *Crime... ou privilexio*, no Teatro Principal de Santiago de Compostela durante a XVII Mostra de Teatro Universitario de Galicia.
- 29/04/2016. Representación da obra *Crime... ou privilexio*, no Auditorio do I.E.S. Calvo Sotelo durante o Festival Candilejas Don Bosco.
- 31/10/2016. Representación da obra *Vermello* na Casa do Matadoiro durante a mostra Os Tenorios.
- 3/05/2017. Representación da obra *O Corno do derradeiro día*, no Teatro Principal de Santiago de Compostela, durante a XVIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia.
- 10/11/2017. Representación da obra *O + importante do mundo* no auditorio do Centro Xove da Almaciga durante o programa Boas Noites.
- 07-08/04/2018. Representación da obra *O baúl cheo de xente* na Casa do Matadoiro, Santiago de Compostela, durante a primeira edición do Pataca Minuta.
- 03/05/2018. Representación da obra *Insilio* na sala Vidal Bolaño con motivo da XIX Mostra de Teatro Universitario de Galicia.
- 16/11/2018. Representación da obra *Insilio* na Casa de Cultura de Outes na final do programa Xuventude Crea 2018.
- 06-07/04/2019. Representación da obra *Quinuituq* na Casa do Matadoiro, Santiago de Compostela, durante a segunda edición do Pataca Minuta.



Insilio

**XUVENTINE
2018
CREA**



MEMBROS DO XURADO DO
PROGRAMA XUVENTUDE CREA 2018

ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Ignacio Vilar Díaz

Francisco Freire Magariños

Julio Casal Fernández-Couto

Pastor Lorenzo Sola

Secretaria

M^a. Pilar Vilariño Pereira





1º PREMIO

Alba Rodríguez Villar

Cedeira (A Coruña)

Debuxo metáforas no límite do cotián e obrígame a bailar no extraordinario cos pés fríos para non perder a inocencia dunha nena que cre que todo é posible. Xogo cos meus medos para escorrentar aos teus e falo do que calo para que entendas o que eu non entendo. Pero se me preguntas que porqué me dedico á arte direiche que escribo para pasar páxina.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2012-2018 Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Vigo. Título Superior de Arte Dramática na especialidade de Dirección de escena e dramaturxia. Itinerario: Dirección escénica.
- 2017-2018 Escola Lens de artes visuais. Madrid. Curso de realización de cine documental.
- 2018. El Pavón Teatro Kamikaze. Madrid. Obradoiro intensivo de dirección escénica, impartido por Carlos Tuñón.
- 2018. Museo Raíña Sofía. Madrid. Seminario *Visiones del cine experimental*, con P. Adams Sitney.
- 2018. Asesoría de cine da Comunidade de Madrid. Obradoiro de dirección e guión de documentais, por Guillermo García López.
- 2018-2019 Universidade Rei Juan Carlos. Madrid. Mestrado en Guión cinematográfico e series de TV.
- 2019 Asesoría de cine da Comunidade de Madrid. Masrerclass *O videoclip. Como dirixir e producir videoclips na industria musical española*, impartido por Benet Román.
- 2019 Asesoría de cine da Comunidade de Madrid. *Obradoiro de cine danza-filmar vs coreografiar (morfloxía do SCREENDANCE)*, impartido por María Rogel.

The image features a dark silhouette of a building with a stepped roofline against a clear, light blue sky. The building's silhouette is positioned in the lower half of the frame, with the sky occupying the upper half. The text 'SEDIMENTO' is centered in the upper half of the image, and 'AVAKINSKI' is centered below it.

SEDIMENTO

AVAKINSKI

Sedimento



2º PREMIO

Denisse Lozano Hermida

Vilalba

Graduada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela, estudei dirección cinematográfica e dirección de fotografía cinematográfica na ESCAC e formei parte da primeira promoción do Mestrado de Crítica Cinematográfica dirixido pola revista *Caimán Cuadernos de Cine* na ECAM. Despois realicei unhas prácticas na produtora Kode Media en Londres e desde entón compaxino a videocreación e o videoensaio coa colaboración en varios proxectos audiovisuais. Na actualidade, desfruto dunha bolsa Robert Schuman facendo produción de vídeo no Parlamento Europeo en Bruxelas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2009-2013 USC. Santiago de Compostela. Grao en Comunicación Audiovisual
- 2013-2014 ESCAC. Barcelona. Mestrado en Dirección Cinematográfica
- 2014-2015 ECAM. Madrid. Mestrado de Crítica Cinematográfica
- 2015-2016 ESCAC. Barcelona. Mestrado en Dirección de Fotografía Cinematográfica

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-2019 Parlamento Europeo. Bruxelas
- 2016 Kode Media. Londres



Ser de acá



3º PREMIO

Nuria Mosqueira Varela

A Coruña

Nacín na Coruña, aínda que tamén son un pouco das ribeiras do Miño e da Costa da Morte. Pinteí desde pequena e, xa máis tarde, durante a carreira, achegueime a outras linguaxes que sigo a transitar. Entre as cores, teño debilidade polo azul de Prusia e se fose un animal tería que ser, sen dúbida, unha anguía.

Na peza de vídeo que presenteí neste certame, traballeí arredor da problemática dos incendios desde unha ollada onírica, poñendo en relación o corpo e o bosque queimado.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2007-2012. USAL. Licenciatura en Belas Artes.
- 2012-2013. UCM. Mestrado Universitario en Investigación en Arte e Creación.
- 2015-2016. UDC. Mestrado Universitario en Formación do Profesorado.
- 2017-2018. UPF. Postgrao en Montaxe Audiovisual.



Altare Lucus

galicia

 Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA